

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2023/15	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

21 de decembro de 2023

Duración:

Desde las 20:32 hasta las 23:18

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

María Dolores Castiñeira Alén

Secretaria:

Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***1448**	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
***7680**	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
***6142**	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
***89888**	José Luis Fernández Pérez	SÍ
***6711**	Manuel González Rodríguez	SÍ
***7807**	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
***0936**	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ



***1083**	Salustiano Guerra García	SÍ
***0678**	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
***7850**	Selene González Luis	SÍ
***0126**	Vanessa Rocha Núñez	SÍ
***6851**	Verónica Tourón Domínguez	NON
***6473**	Ángela Ledo Souto	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

Sr. Guerra García: Quería que se modificase a orde do día para introducir unha proposta que a Alcaldía se esqueceu de incluír e que estaba previamente trasladada aquí ao Concello, unha proposta sobre os 1100 anos de historia de Salceda.

Sra. Alcaldesa: Está metida por urxencia, vai na orde do día, será o punto número sete.

Sra. Ledo Souto: Pedir disculpas en nome de Verónica, la portavoz del PSOE, que hoy no puede estar presente por una operación, está convaleciente y le es imposible asistir.

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta Pleno sesión núm. 2023/12 ordinaria, celebrada o 31 de agosto

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/12 ordinaria do 31 de agosto de xuño enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sr. Núñez Troncoso: Quería modificar un erro na páxina 29 no punto dous, dentro do punto dous, respecto ao coeficiente corrector figura "8" e é "B".

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/12, ordinaria do 31 de agosto; sendo aprobada por



ONCE VOTOS A favor dos/das Sres./Sras. Rodríguez Canosa, Troncoso Estévez, González Luis, Castiñeira Alén, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, Pérez Cabaleiro Fernández Pérez, González Rodríguez, Guerra García, e Ledo Souto e UNHA ABSTENCIÓN da Sra. Rocha Núñez e por non asistir á sesión.

b) Acta Pleno sesión núm. 2023/14 ordinaria, celebrada o 26 de outubro

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2023/14 ordinaria do 26 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Rocha Núñez: Figura que non asisten a sesión pero si que asistín.

Sr. Guerra García: Na páxina 13 corrixir o meu segundo apelido, figura Domínguez e é García.

VOTACIÓN: Non existindo máis observacións á acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2023/14, ordinaria do 26 de outubro; sendo aprobada por UNANIMIDADE de votos dos doce Concelleiros/Concelleiras asistentes a presente sesión.

Expediente 2688/2023. Rectificación do inventario de bens municipal en relación aos camiños públicos.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 4, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sra. Alcadesa: Traemos a pleno a actualización do Inventario de Camiños Públicos, nesta ocasión son seis. O primeiro, o “Camiño da Pedra”, un camiño para incorporar ao inventario, solicitado, neste caso, por Carlos Lorenzo Rodríguez e presentado por Jesús Lorenzo, Joaquín González e Teodolo Bargiela, ten informe favorable e está situado no barrio da Pedra, parroquia de Santa María. O Segundo, “Camiño da Fonte do Viño”, situado no barrio de Sestelo na Feira, parroquia de Santa María, un camiño produto dunha segregación que consta tamén con informe favorable, revisouse de oficio por parte do equipo técnico e consideraron necesario incorporar este camiño no inventario municipal despois de feita a segregación. O terceiro dos camiños é o “Camiño da Portela”, un camiño para incorporar tamén ao inventario solicitado por Aisha Estévez Vila con consentimento asinado dos/das colindantes e un acordo da Asamblea da Comunidade de Veciños de Parderrubias, con informe técnico tamén favorable, un camiño que está asfaltado na actualidade e polo tanto é recoller a actualidade presente, comeza na estrada da Portela, que vai de Portela – Piñeiro ata as columnas de entrada ao Torreiro e ata o linde de unha finca da parcela 1143. O camiño número catro é a EP-2505, é un anaco da estrada provincial que vai de Salceda a Caldelas dende o quilómetro cero a rotonda de Clarín ata un pouquiño máis aló da Ponte do Matadoiro o quilómetro 350, logo de ser acordado coa Deputación a cesión



de ese espazo, unha vez que foi humanizada a Rúa Gándara e con informes favorables, pasamos a incorporar este treito humanizado ao inventario municipal de camiños. O Camiño número cinco, “Camiño do Cruceiro”, situado na parroquia de Santa María, na Feira, tanto no número cinco como no número seis que é o “Camiño de Loureiro”, trátase de alteracións de descrições catastrais que unha vez comunicadas as resolucións por parte de Catastro, hai que incorporar ao inventario de camiños. Como vos dicía, o “Camiño do Cruceiro” situado na parroquia de Santa María, na Feira, recepcionouse este acordo de alteración da descripción catastral por parte do Concello, un anaco de camiño que se introducía nun espazo privado, polo tanto procedemos a retirar ese espazo, conta con informe favorable técnico. E por último o “Camiño de Loureiro”, situado na parroquia de Parderrubias e a estrada que vai por detrás da casa dos mestres que une coa outra estrada da Revolta que sube cara ao “furancho de Chasco” para que todos teñamos a ubicación perfectamente controlada, temos que incorporar unha cesión realizada desa estrada por parte dunha propietaria, neste caso, solicitada por unha persoa que o que trata é que esa alteración catastral que se produciu, esa cesión que fixo para esa estrada, sexa incorporada a estrada e que o Concello determine ese camiño público con eses metros de cesión que fixo a propiedade.

Este expediente está completo, consta de providencia, informe de secretaría, informe técnico, ditame da Comisión Informativa de Asuntos do pleno onde se votou con dous votos a favor de Movemento Salceda e cinco abstencións por parte dos representantes do PP, PSOE e BNG; tamén figura a proposta de acordo, polo tanto o expediente está completo con toda a documentación pasada e cos informes pertinentes de Secretaría e técnicos realizados para a súa aprobación.

Sr. Rodríguez Davila: Dende o noso grupo e eu como portavoz quero desexarlle a nosa compañeira Verónica Touron unha pronta recuperación. O noso Grupo vai propoñer someter a votación a retirada deste punto da orde do día, ao entender que o expediente non está completo nalgúns dos puntos que se van a tratar, ademais non estamos de acordo que se traten os seis camiños nun único punto e polo tanto obrigarnos a votar con un único voto os mesmos e ademais hai propostas contradictorias entre o que se pretende aprobar e acordos que reflexan no expediente, hai expedientes en que hai unha proposta e hai outra proposta contradictoria polo tanto amparándonos no artigo 92 do ROF solicitamos que por parte da Presidencia someter a votación a retirada da orde do día deste punto.

Sra. Alcaldesa: Antes de someter a votación a retirada do punto da orde do día, eu quixera preguntarlle ao señor Davila, en que está o expediente incompleto, porque si se trae a esta sesión plenaria e conta cos informes favorables e co consentimento, neste caso, de Secretaria e ademais advertímolo e falámolo na Comisión de que os expedientes estaban completos, porque motivo di agora que este expediente está incompleto?

Sr. Rodríguez Davila: Vostede perdone Sra. Alcaldesa que lle diga que unha vez máis está faltando á verdade, porque si vostede dixo na Comisión que os expedientes estaban completos porque nas últimas horas, días, se incorporou documentación a un



dos camiños que se trae a este pleno? Polo tanto non é certo o que está a dicir, non vou ser eu quen publicamente diga en que camiños falta documentación, por respecto aos proponentes de esas solicitudes.

Sra. Alcaldesa: Non sei porqué non fala con claridade, eu si vou falar con claridade, a documentación que se falou na Comisión informativa que segundo o portavoz do PP faltaba, son nos dous últimos camiños o cinco e o seis, que como vos dixen non eran incorporación nin retirada de camiños públicos senón alteracións da descripción catastral ou sexa, acordos de Catastro que nós simplemente temos que acoller e a gran documentación e a motivación do argumento do PP é que non incorporamos, porque se ve que non patean o territorio e non o coñecen, o planiño de como estaba antes o camiño e como quedaba despois da alteración catastral, é tan sinxelo como pasar polos sitios e velo, mesmo así, ese mesmo día da Comisión celebrada o 18, luns, incorporáronse os planiños estes que é o motivo que alega o PP para retirar o punto desta orde do día, un dos motivos.

O seguinte dos puntos polo que o PP se vai a acoller a un artigo do ROF e que di que debe ser motivo da retirada deste punto da orde do día é o voto por separado, pois resulta que o 17 de decembro do 2020, o último pleno celebrado no 2020 tróuxose a esta sesión plenaria no punto dous o “expediente 317/2020 proposta de altas e baixas dos inmobles para a ratificación de inventario municipal de bens de dereito”, falábase neste punto de cinco camiños, tres que se incorporaban e dous que se retiraban, por certo, votáronse en conxunto e a votación foi a seguinte: dez votos a favor, ou sexa a totalidade da corporación menos Joaquín e a Alcaldesa porque tiñabamos un familiar afectado, que curiosamente é un caso moi semellante a algúns dos camiños que traemos hoxe neste expediente, polo tanto esas dúas razóns que alega o PP e o seu portavoz para retirar este punto da orde do día non teñen sentido ningún, outros motivos debe ter.

Sr. Rodríguez Davila: Intelixente vostede que xa responde por min, xa sabe vostede os motivos que este grupo ten para pedir a retirada da orde do día, nada máis lonxe da realidade, Sra. Alcaldesa, vostede pode traer un punto en conxunto de certas cousas das cales podemos estar de acordo e non hai ningún problema en votalo en conxunto, non só nos camiños, senón noutros acordos plenarios nos últimos anos respecto doutras cuestións, outra cousa é que dentro do mesmo punto haxa discrepancias respecto de, como neste caso, diferentes camiños nos que nós estamos de acordo e votaríamos a favor pero noutros votaríamos en contra e noutros absteríamonos. Non porque vostede traia todo en conxunto temos que estar de acordo con todo o que ven dentro de ese punto, que é o caso de hoxe, que non estamos de acordo, entón non se ampare vostede ante sucesos anteriores nos que si estabamos de acordo con todo o que incluía ese punto, polo tanto insistimos e solicitamos que se someta a votación a retirada da orde do día. Non vou entrar en debate nin lle permito que vostede conteste ou interprete o que o noso grupo considera fundamental para pedir a retirada da orde do día, polo tanto vostede defenda a súa postura pero non conteste polos demais nin interprete o que os demais decidimos.

Sra. Alcaldesa: Non é interpretación, eu ao igual que o resto dos veciños acabamos de



escoitar que a súa motivación era que o expediente estaba incompleto e que había que votalo por separado e eu acabo de argumentar que o expediente non está incompleto e que non é a primeira vez que votan en conxunto. Iso é así, non son motivos para retirar este punto da orde do día, non quere dicir cal é o camiño que segundo vostede lle falta documentación ou o que ten polémica, eu diríalle que o aclarara porque creo que é importante para todo o mundo, dende logo non teño pensado retirar este punto da orde do día cando cumple todos os requisitos que establece a lei para a súa aprobación. Sei que ademais moitos veciños están esperando a este acordo plenario, non vou retirar da orde do día cando sei perfectamente que o expediente está completo, e lémbrolle o que dicía naquela sesión, na que por certo nin vostede, nin Joaquín, nin os que participaron naquela sesión dixeron absolutamente nada de votar en conxunto os camiños, tiñan algo de diferente aquel expediente que este? No, non tiña absolutamente nada de diferente, naquel pleno se dicía, dicía Verónica Touron, *“Traemos aquí a actualización de inventario de camiños de ben municipais, os camiños que traemos son: un camiño para incorporar”* e pasaba a falar deles ata o número cinco de maneira conxunta e non vexo que nin o PP por parte de Joaquín ou de Santi puxeran ningún tipo de impedimento, o único que fixo declaración naquel momento foi Tivo e non falou para nada do voto en conxunto.

Sr. Rodríguez Davila: Por moito que insista no mesmo lle estou decindo que non ten nada que ver unha cousa con outra, non retorza a realidade, estamos a falar deste punto e neste pleno, neste punto e neste pleno non estamos de acordo e polo tanto non ten nada que ver o que se puido haber traído nun pasado con outros camiños nos que estabamos de acordo, llo dixemos na Comisión, ou non é certo que o plantexamos na Comisión? Incluso o PSOE dixo que tamén estaba de acordo en votalo por separado, porque non temos que estar de acordo en todos os camiños sempre e polo tanto non estamos nesta cuestión e vostede lle reitero que ten o deber e a obriga de someter a votación a retirada da orde do día segundo o artigo 92 do ROF e polo tanto lle pido a Sra. Secretaria municipal que se manifesta, que calquer concelleiro pode pedir a retirada dun punto dun pleno, polo tanto lle solicito, sen ganas de entrar en máis debate que é o que pretende vostede non tendo a razón querendo argumentar en nome de este grupo o cal non llo permito nin llo consinto e polo tanto vostede cumpra co seu deber e someta a votación a retirada da orde do día.

Sra. Alcaldesa: Antes da votación hai que sometelo a debate, e vaise a debater e vostede vaimos aclarar en que non cumpre este goberno e esta Alcaldesa na proposta deste punto, terá que dicirmos a min e sobre todo á veciñanza, ou eu vou a retiralo sin máis porque a vostede lle apetece, dígame en que non cumpro para retirar este punto na orde do día, procedemos ao debate deste punto porque tamén quero escoitar as intervencións dos compañeiros.

Sra. Ledo Souto: Nosotros como ya anunciamos en la Comisión somos de la misma opinión de separar los caminos, aunque si es cierto que en el 2020 se hizo, a partir de ahí non se hizo, ya se llevaron por separado y entendemos que el expediente debería estar separado porque hay algún camino que tenemos dudas y en su momento los servicios jurídicos del Concello decían que non se podía llevar así, no entendemos el cambio de opinión ahora, nosotros no estamos de acuerdo, estamos de acuerdo con



unos caminos pero no con otros, en concreto hay uno, el de Portela, que entendemos que si tendría lógica que llegara a la Asociación de Vecinos, terreno que pertenece a la Comunidad de Montes, pero no que lo hiciera más allá, nuestro voto va a ser en contra por ese motivo, no por estar en contra de todos sino porque entendemos que sería mejor por separado para darle el OK a los que si entendemos que están bien.

Sr. Guerra García: Nós non vamos a apoiar que se retire da orde do día pero vamos a votar en contra porque entendemos que si non hai unanimidade na agrupación que se trae de camiños e creo que temos todos moitas dúbidas, nós non imos a apoialo e sobre todo, parece que dos seis casos hai cinco que non teñen ningún tipo de controversia. pero efectivamente hai un caso que se pretende un atallo para solventar un problema de falta de actuación urbanística naquel lugar como tantos outros lugares, entón nós non estamos conformes con que se solvante intereses individuais por atallos cando o Concello debería facer algún tipo de planificación urbanística e na documentación que consta nese caso, dixémolo o outro día na Comisión, parece ser que non se corresponde certamente o que di aquí a documentación co acordo coa Comunidade de Montes. Nós non vamos a votar a favor, sentímolo polo resto dos casos porque creemos que están en regra pero si se trae aquí en conxunto e hai un caso que entendemos que non debe pasar para adiante pois imos votar que no.

Sra. Alcaldesa: Creo que xa din as explicacións pertinentes, no caso de Gela e portavoz accidental do PSOE, a verdade é que me sorprende moito o cambio de criterio, recóllese claramente na acta cando Verónica falaba que ademais di textualmente “dicir que o que se fixo foi en vez de traer un camiño cada vez que se solicita o que se fixo é facer un sola revisión anual”, isto é no 2020 estamos no 2023 que outra agrupación de camiños se trouxo ou que camiños individuais se trouxeron? menos as cesións que se aprobaron en Xunta de Goberno, e despois tamén é un cambio de criterio salientable non querer recoller a realidade, neste caso o camiño da Portela, porque o que se pretende é recoller a realidade dun espazo que xa está asfaltado cando sí votastes a favor e eses eran os vosos requisitos esixidos ao equipo técnico e neste caso non avalades o que o equipo técnico do Concello está a dicir nos seus informes me resulta moi paradóxico e moi curioso.

No caso de Tano simplemente matizar e para que a veciñanza coñeza que o acordo da asemblea da Comunidade de Montes de Parderrubias con respecto a este camiño decía o seguinte: “asimesmo a solicitante comprométese a facilitar a continuidade do camiño público sempre que exista conformidade e cesión polo resto dos titulares dos terreos lindantes ata enlazar coa carretera principal pola parte de abaixo da súa propiedade”. Efectivamente houbo un desacordo cunha das propietarias, non se ampliou o camiño cara adiante pero existe un compromiso por parte desa persoa solicitante e por parte ademais do Concello que hoxe mesmo deixar aquí recollido en acta que se recollerá o camiño unha vez que haxa ese ok da propietaria para a súa ampliación, o que se fai na actualidade é recoller o camiño existente asfaltado. Non sei en que parte Tano, e mo dirá agora, se incumpre o acordo da asemblea, en todo caso me gustaría que todos manifestásedes, porque se ve que no caso do BNG e PSOE o problema é do camiño da Portela, cal sería o problema o que botades en falta para que este camiño non teña os condicionantes suficientes para ser aprobado nesta sesión



plenaria.

Sr. Rodríguez Davila: Dado que vostede conta a verdade a medias non me queda máis remedio que contestarlle e replicarlle para que quede constancia en acta. Nós non queriamos entrar nese debate precisamente para salvaguardar ás persoas solicitantes e tamén como se dixo aquí, primeiro retirar da orde do día precisamente para non ir en contra dos demais solicitantes que si cumpren ao noso entender e ao final non nos vai quedar máis remedio que votar en contra. Insisto e quero que a Sra. Secretaria se manifeste ao respecto, de someter a votación a retirada da orde do día. Vostede acaba de ler unha parte interesada do que di o certificado da Asamblea da Comunidade de Montes de Parderrubais, pero vostede obviou dicir a outra parte. Teño que dicir que falamos cos afectados e lles explicamos o noso posicionamento e estamos totalmente de acordo en apoiar esa proposta sempre e cando loxicamente haxa unha rectificación pola Asemblea de Comunidade de Montes de Parderrubias, se modifique o certificado dese acordo asembleario ou se faga o que acordou no seu momento que é introducir o camiño existente actualmente, os 7,5m, tal como di o certificado da asemblea da Comunidade de Montes de Parderrubias na finca da solicitante, cousa que non existe e non se cumpre a día de hoxe. Vostede trae aquí a pleno e o que vostede pretende aprobar hoxe vai e choca frontalmente co que se acordou en Asemblea polos veciños de Parderrubias, un acordo baseándonos no papel, insisto, nós temos que someter ao noso voto en función da documentación que hai no expediente e no expediente hai unha documentación que se contradí, hai este certificado da Comunidade de Montes que di claramente que o camiño ten que entrar en 7,5 metros na propiedade da solicitante, cousa que non existe a día de hoxe e non se cumpre e por outro lado, hai a proposta que vostede pretende aprobar que é levar o camiño público ata onde está asfaltado a día de hoxe polo tanto, perdóenme pero non valen as dúas cousas, ou é unha cousa ou é a outra, polo tanto non podemos estar de acordo co que se pretende aprobar no día de hoxe que como digo choca frontalmente co acordo e co certificado do resultado da votación da Asemblea da Comunidade de Veciños de Parderrubias.

Sra. Alcaldesa: Di o Sr. Santiago Davila que non se leu o certificado completo da Asemblea da Comunidade Montes, ese apartado ao que se acaba de referir di o seguinte: “este camiño actualmente encontrase asfaltado tendo o seu orixe na carretera Portela – Piñeiro ata as columnas de entrada ao Torreiro da Comunidade de Montes seguidamente continúa a esquerda introducándose na finca da solicitante 7,5m”, isto é unha descrición da realidade, non un compromiso certificado, creo que non leron ben o documento.

Sra. Ledo Souto: Creo que ya me expliqué, que fui clara y repito lo mismo que dije antes, si se llevaran por separado los otros quedarían aprobados hoy sin ninguna duda, al no querer separarlos nuestro voto va a ser en contra.

Sr. Guerra García: Sobre esta documentación eu falei con persoas comuneiras de Parderrubias e pedín os planos e fotos e o que se pretende aquí non se corresponde co aprobado na Asemblea da Comunidade, e como tal a iso me remito.

Sra. Alcaldesa: Quero dicir que esta Alcaldesa vai tratar a todos os veciños e veciños



por igual e si os expedientes cumpren e os informes son favorables vanse traer de maneira conxunta sen facer segregación de ninguén, porque motivos? Non o sei, pero dende logo son iguais e moitos deses camiños teñen as mesmas condicións que outros camiños que se aprobaron en esta sesión plenaria por todos os membros Concelleiros e Concelleiras, non atopo motivo para que teña que facer separación dos camiños para que vostedes como Concelleiros e Concelleiras os aproben. Teño que someter a votación á retirada do asunto da orde de día porque así o marca o regulamento pero dende logo o meu posicionamento como Alcaldesa queda claro, creo que lle facedes un gran prexuízo a veciñanza, si tratamos de facilitar o asentamento da poboación, as facilidades para que a xente se quede no noso rural, para que en definitiva as cousas sexan o máis sinxelas posibles para todos eles, mal llo estades pondo, isto non é populismo isto é a realidade.

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de retirar o punto da orde do día, da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(1) e BNG (1), e SEIS VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP.

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta de retirar o punto da orde do día, esta RESULTA REXEITADA por SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(1) e BNG (1), e SEIS A FAVOR votos dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, dirimindo o empate o voto en contra da Alcaldesa.

Sra. Alcaldesa: Dou lectura da proposta para a súa votación:

“Finalizado o exercicio 2023 e á vista de que durante devandito período se produciron variacións no patrimonio do Concello, concretamente en relación aos camiños municipais, que é necesario verificar mediante a rectificación anual do Inventario de Bens do Concello.

Vista a existencia de diversos camiños que reúnen as características que definen aos bens de dominio público conforme aos artigos 79.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local y 2.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, procedendo en consecuencia o seu recoñecemento como camiños públicos e a súa incorporación ao inventario debens municipais.

Visto que os sinalados camiños son os seguintes:

1.- Camiño sito entre as parcelas con referencia catastral 36049A019014330000KJ, 36049A019014270000KD e 36049A019014320000KI, cunha superficie (segundo a documentación aportada) de 18 metros de longo e 7,35 metros de ancho, sito no barrio de A Pedra, parroquia de Santa María de Salceda, a petición de Carlos Lorenzo Rodríguez, presenta Jesús Lorenzo Fernández, Joaquín González Fernández e Teodoro Bargiela Martínez. Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2020-0330 no que fai constar que “(...)Na reportaxe fotográfica e na ortofoto do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas vese claramente a existencia



do camiño do que se solicita a incorporación ao inventario municipal, aínda que o catastro non o recolle como tal.

A documentación achegada xustifica a existencia do mesmo como acceso a varias parcelas.

Polo exposto, dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario municipal, quedando a criterio da Corporación Municipal a súa aprobación.”

2.- Camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP, sito en Fonte do Viño, no barrio de Sestelo, parroquia de Santa María de Salceda. Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2021-0439 no que fai constar que “(...) Á vista do exposto informar que, queda demostrado que o camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP coincidentes coas parcelas (A e B) resultantes da parcelación, é de titularidade municipal.

Dende o punto de vista técnico enténdese que debería incorporarse ao inventario municipal de bens.

Quedando a criterio da Corporación Municipal a súa incorporación ou non, ao inventario municipal de bens.”

3.- Camiño con referencia catastral 36049A021003770000KT de 77 metros, que comeza na estrada da Portela ao Piñeiro e remata na parcela 1143, e conta cunha superficie de 263 metros cadrados aproximadamente, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias, a petición de Yaisha Estévez Vila, José Álvarez Sousa, Placeres Estévez Rodríguez, Manuel González Martínez e con acordo da Asemblea Xeral da Comunidade de Montes Veciñais de Parderrubias, reunida o día 28 de novembro de 2021. Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2023-0299 no que fai constar que “(...)Polo exposto, dende o punto de vista técnico non se observa impedimento paralevar a cabo a proposta de inventariar dito camiño, quedando a criterio da Corporación municipal a súa incorporación ou non ao inventario municipal de bens.”

4.- Treito Salceda-Caldelas do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas, en virtude do acordo de cambio de titularidade do Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra de 29.11.2019. Consta no expediente informe favorable do arquitecto técnico municipal núm. 2022-0360.

5.- Camiño con referencia catastral 36049A017090440000KF, consta inventariado co número de orde do Inventario 517 e número de orde do Grupo 226, sito na parroquia de Santa María de Salceda, con carácter de dominio público e cunha superficie de 525,6 metros cadrados (3,65 de ancho por 144 de lonxitude) que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 25 de novembro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 452 metros



cadrados.

6.- Camiño con referencia catastral 36049A030090350000KL, consta inventariado co número de orde do Inventario 743 e número de orde do Grupo 452, sito na parroquia de Parderrubias, con carácter de dominio público e cunha superficie de 406,98 metros cadrados (3,23 de ancho por 126 de lonxitude) que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 7 de outubro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 370 metros cadrados.

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2023- 0031.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

1.- Camiño sito entre as parcelas con referencia catastral 36049A019014330000KJ, 36049A019014270000KD e 36049A019014320000KI, cunha superficie (segundo a documentación aportada) de 18 metros de longo e 7,35 metros de ancho, sito no barrio de A Pedra, parroquia de Santa María de Salceda.

2.- Camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP, sito en Fonte do Viño, no barrio de Sestelo, parroquia de Santa María de Salceda.

3.- Camiño con referencia catastral 36049A021003770000KT de 77 metros, que comeza na estrada da Portela ao Piñeiro e remata na parcela 1143, e conta cunha superficie de 263 metros cadrados aproximadamente, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.

4.- Treito Salceda-Caldelas do vial provincial EP-2505 comprendido entre os puntos kilométricos 0+000 e 0+350 Salceda – Caldelas.

SEGUNDO: Modificar os datos de inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, por ser obxecto de alteración da descripción catastral, dos seguintes camiños:

1.- Camiño con referencia catastral 36049A017090440000KF, consta inventariado co número de orde do Inventario 517 e número de orde do Grupo 226, sito na parroquia de Santa María de Salceda público e cunha superficie de 525,6 que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 25 de novembro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 452 metros cadrados.



2.- Camiño con referencia catastral 36049A030090350000KL, consta inventariado co número de orde do Inventario 743 e número de orde do Grupo 452, sito na parroquia de Parderrubias e cunha superficie de 406,98 metros cadrados que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 7 de outubro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 370 metros cadrados.

TERCEIRO: Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordó de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

CUARTO: Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse, tramitarase o correspondente expediente de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos para proceder a dar de alta os sinalados inmoables.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA REXEITADA** por **CATRO VOTOS** a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do do Grupo Municipal Movemento Salceda e **OITO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as PP (6) PSdeG-PSOE(1) e (1 BNG)

Expediente 2659/2023. Aprobación de proxecto de obra denominado “2º refundido de proxecto de reurbanización da rúa Ador e tramo da rúa Rafael Tilve Adrio (Salceda de Caselas)”

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

Sr. Troncoso Estévez: Vou intervir en calidade de Concelleiro de Mobilidade. Traemos a aprobación o proxecto de obra denominado “2º refundido de proxecto de reurbanización da rúa Ador e tramo da rúa Rafael Tilve Adrio”, é un proxecto que pretende dar continuidade a todas as transformacións das rúas que vimos realizando nos últimos anos, un pouco seguindo o PMUS, Plan de Mobilidade Urbanística Sustentable, é un plan que se aprobou no 2017-2018 e que intenta servir de guía da evolución natural que debería seguir a evolución urbanística de Salceda de Caselas, buscando gañar espazo para as persoas e centrándose na recuperación de espazos verdes, accesibilidade un pouco ese espazo para as persoas. Este proxecto é un proxecto que nun primeiro momento partía da urbanización da rúa Ador pero a través da rede Agora da que Salceda de Caselas forma parte xurdiu unha liña de financiación, que foi aprobada por uns 50.000€ e decidimos emprender un proxecto máis ambicioso que engarzase xa coa rúa Ador cun dos tramos de Rafael Tilve Adrio para dar continuidade a esas dúas zonas que xa están reurbanizadas, como xa é o cruce de Compostela co primeiro tramo de Rafael Tilve e Coruña e a área da Devesa e agora enganchamos co rúa Ador e Rafael Tilve.

O proxecto conta cos informes favorables de Urbanismo e de Secretaría, manexa un orzamento total de execución de obra de 496.765,50€, o máis groso do orzamento correspondería coa pavimentación e coa rede de servizos de abastecementos e saneamento. Abarca un ámbito de 2455m² e o prazo de execución de estas obras son a



un entorno de seis meses. Partimos cunhas premisas de partida de utilizar sempre materiais locais, neste caso, a maioría será granito e a prioridade é favorecer o espazo de seguridade, socialización e tamén o respecto polo medio ambiente. Si facemos un corte transversal do que serían as rúas, mantemos as beirarrúas nos dous extremos que sería de 2,60 metros, unha liña vexetal de entorno a 1 metro no que se favorecerá a presenza de especies caducifolias polas súas capacidades, son as especies máis idóneas pois no inverno permiten o paso da luz e no verán proporcionan ese efecto amortiguador da temperatura e un estrada rodade de uns 3,10 metros por onde se regularían as redes de pluviais e de saneamento, o mobiliario urbano que se vai colocar serán uns bancos de granito, 18 en concreto, papeleiras de aceiro, farolas e xardineiras de aceiro.

Un aspecto importante nas infraestruturas é que se levaran a cabo actuacións de substitución das redes de abastecemento e saneamento e tamén do alumeadado, manteranse as redes de electricidade, de gas e de telefonía e tamén hai unha incorporación dunha rede separativa de pluviais e augas residuais que nestes momentos non hai e se lle dará saída a esta rede. Xa para concluír, uns datos que representan un pouco o que buscamos con estas obras, a área de tránsito peonil pasará de un estado actual que representa un 25% a un estado despois das obras de un 63%, case se triplica o espazo para as persoas, a área de tráfico rodado pasa de un 40% a un 28% unha redución considerable, a área de aparcamento pasaría de un 30% a un case 5% e as zonas verdes aumentarían de 1,86% a un 3%, o que se pretende gañar con estas actuacións é por un lado a seguridade, entendemos que o tráfico rodado despois desta actuación vai sufrir un descenso tanto na cantidade de vehículos que pasan como na velocidade, entendemos que é unha área na que dominará a presenza das persoas porque ademais se vai a crear unha praza diante do que sería a Galiña Azul, sabemos que pasan moitos coches, estacionan e deixan aos nenos, un pouco para que haxa maior seguridade na zona, aumentarase o espazo público para interacción social e intentamos tamén eliminar as barreiras arquitectónicas un pouco polo desnivel entre as beirarrúas e a estrada, eliminación de bancos non haberá ningún tipo de barreira arquitectónica en maior lonxitude das beirarrúas e tamén se busca unha menor contaminación acústica debido a o menor tráfico que pasará por esas rúas e tamén pola contaminación atmosférica e gases de efecto invernadoiro ao haber menor tráfico. Isto todo entendemos que se vai traducir nunha maior posibilidade de reactivación comercial na zona, serán áreas máis vistosas, máis apetecibles para as persoas e que poidan xurdir novas iniciativas emprendedoras.

Sr. Rodríguez Davila: Creo que todos estamos de acordo en acertar cando un trae un proxecto fundamental e con iso mellorar o noso Concello tanto sexan proxectos que poidan afectar a diferentes lugares, barrios, parroquias como tamén neste caso so casco urbano, o certo é que nos último anos se levan feito obras no casco urbano e a vista de todos está o resultados dos mesmos, uns lle pode gustar menos ou lle pode gustar máis pero o que é indiscutible é que na maioría dos casos, non en todos, o proceso de execución dos mesmos, o resultados dos mesmos, o material empregado nalgunhas obras, o tempo demostra que non foron os máis axeitados. A eliminación permanente e sistemática do aparcamento, neste caso entre a rúa Ador e na rúa Rafael Tilve, no tramo que vai dende a rúa Compostela ata a rúa Rosalía de Castro,



entre esas dúas rúas que agora mesmo hai algunha dúcias de aparcamentos van quedar só sete prazas de aparcamento, iso é importante que os veciños o saiban e os comerciantes tamén. Claro que a todos nos gusta ter prazas peonís para o disfrute pero tamén é certo que hai que compatibilizar as dúas cuestións, facilitar que os veciños das parroquias veñan a comprar ao casco urbano porque non so dos veciños que vivimos na Esfarrapada vive o comercio local e o mellor é contraproducente. É certo que é difícil compaxinar as dúas cosas pero eliminar o 85% do aparcamento existente actualmente nesas dúas rúas nos parece un pouco desproporcionado e como dixeran anteriormente, logo deste anos analizando o resultado das mesmas, vemos como a terminación de moitas desas actuacións, a execución, o material empregado, non resulta acorde e beneficioso, temos claros exemplos, na rúa Pontevedra que nos últimos anos se mellorou, vimos o resultado a día de hoxe só hai que fixarse como están os empedres diante da Praza de Abastos, vimos na última actuación diante das panaderías da rúa Joaquín Fernández Sestelo o resultado de esa execución, vemos como está o asfaltado, vemos como se executou esa obra, vemos o resultado da obra por exemplo a colocación. Levo dito nalgúnhas ocasión neste pleno pero na maioría dos casos non se nos fixo caso, a colocación das lousas de pedra separada co que supón o encintamento da separación das mesmas, etc..., polo tanto o noso grupo vai absterse na aprobación deste proxecto porque si nos sumamos aceptamos ao 100% do que se pretende e nós non estamos, loxicamente, ao 100% do que pretende, estamos de acordo en mellorar esas rúas, estamos de acordo en urbanizar, estamos de acordo en humanizar pero non estamos de acordo ao 100% neste proxecto polo tanto non podemos aprobar e apoiar este proxecto.

Sra. Ledo Souto: Por nuestra parte el voto va a ser favorable, ya fue en la Comisión porque entendemos que todo lo que sea recuperar espacio para las personas es importante, un pueblo que tiene una juventud y una población infantil muy alta y esperamos que esto solo sea el principio y se consiga la financiación para llevar a cabo la obra.

Sr. Guerra García: En principio estamos de acordo co proxecto, a posibilidade de que se minimize a eliminación de prazas é un tema importante pero en canto a exposición que fixo o Sr. Concelleiro respecto do problema acústico, problema de contaminación neste momento xa se podía antes de empezar a executar o proxecto, xa se podería facerse simplemente mudando o sentido dos vehículos que a forza teñen que pasar por diante da Galiña Azul porque por diante teñan unha dirección prohibida, si se pensa, unha vez coa obra, efectivizar a continuidade cara adiante do tráfico rodado en vez de metelo cara a Galiña Azul ese asunto xa se podería efectivizar agora. Nós aproveitamos para lembrarlle ao Goberno Local de que nos próximos plenos a ver si nos traen proxecto relacionados co saneamento porque non queremos que sexa oportuno fiar todo o que poida vir do Consorcio.

Sra. Alcaldesa: Tano non te estudiaches moito este expediente porque precisamente o proxecto fala de darlle continuidade a esa rúa cara a diante.

Sr. Troncoso Estévez: Nos comentaba o portavoz do PP, Santi, a eliminación de aparcadoiros, é certo que hai unha eliminación considerable de aparcadoiros pero



seguimos o modelo que nos marca o PMUS que sempre prioriza os espazos para os veciños, para os usuarios e non para os vehículos. Ese tamén é modelo no que nós como Goberno creemos, ademais Salceda conta entorno a 22-23 aparcamentos disuasorios, estamos traballando nun seguinte aparcamento disuasorio na área das instalacións deportivas do pavillón, entendo que agora nos primeiros meses do 2024 poderemos xa abrillo e se continuará traballando en posibles aparcadoiros que veñan a suplir esas carencias que poidamos ter no centro que é polo que nós vimos apostando ata agora e imos seguir apostando, intentaremos na medida do posible crear novos aparcadoiros disuasorios, esa é a nosa liña.

Por outro lado tamén atende a criterios técnicos que nos marcan un pouco esas consignas dende o proxecto Ágora, que teñen que ser beirarrúas superiores a 2,5m, neste caso imposibilita tamén crear novas zonas de aparcadoiro, por un lado é un criterio técnico e tamén un criterio que nós apostamos pola supresión dos espazos para os vehículos e aposta polo espazo público. En canto á financiación, agora traemos un proxecto para a súa aprobación, aínda non hai unha financiación e aquí tamén nos encontramos nunha tesitura porque este proxecto, rede Ágora, naceu da man da Deputación en épocas do antigo partido PSOE, non sabemos si co novo goberno haberá continuidade nesta iniciativa ou non, nos mantemos á espera de que poidan saír liñas de financiación para estas obras, en calquera caso intentaremos buscar financiación si non é por esta vía pois polo Plan Concellos ou por outros medios. En canto á dirección da rúa, se intenta dar continuidade a Rafeal Tilve, actualmente chega ata rúa Ador e se mete para a esquerda, o proxecto conleva que seguimos de fronte a dirección para dar saída cara a Porriño, tamén e unha demanda dos veciños da zona que continuamente nos exigen que se abra ese pequeno tramo de dez metro que daría solución a moitos dos veciños da zona.

Sr. Guerra García: Non sei si se entendeu mal, eu dixen que si era por ir eliminando problemas acústicos e de contaminación que o tema da continuidade da rúa Rafael Tilve cara adiante xa se podería facer agora non había que esperar a obra.

Sra. Alcaldesa: Paso a dar lectura a proposta para a súa votación:

“Visto o referenciado proxecto de obras denominado “2º refundido de proxecto de reurbanización da rúa Ador e tramo da rúa Rafael Tilve Adrio (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 17.11.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 496.765,50€ (IVE do 21%incluído), ascendendo o IVE a 86.215,50€ e o presupostos en IVE a 410.550,00€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

Visto o informe técnico núm. 2023-0287 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2023-0032 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos que son esixidos pola Lei e polo Real Decreto



1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “2º refundido de proxecto de reurbanización da rúa Ador e tramo da rúa Rafael Tilve Adrio (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 17.11.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 496.765,50€ (IVE do 21%incluído), ascendendo o IVE a 86.215,50€ e o presupostos en IVE a 410.550,00€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta **RESULTA APROBADA** por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(1) e BNG (1), e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, adoptándose o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “2º refundido de proxecto de reurbanización da rúa Ador e tramo da rúa Rafael Tilve Adrio (Pontevedra)” polo arquitecto Rubén Martín Vázquez Pérez, de data 17.11.2023, ascendendo o total do orzamento de contrata a 496.765,50€ (IVE do 21%incluído), ascendendo o IVE a 86.215,50€ e o presupostos en IVE a 410.550,00€ e sendo necesaria a aprobación do mesmo.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

Moción do Grupo Municipal do PP sobre contratación da tarifa eléctrica máis económica.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Rocha Núñez: Neste caso o PP presenta a seguinte unha moción

“MOCIÓN

INSTAR O GOBERNO A NEGOCIAR E CONTRATAR A TARIFA ELÉCTRICA MÁIS ECONÓMICA DAS DIFERENTES COMERCIALIZADORAS



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dado o cambiante mercado das enerxías e por conseqüente das tarifas eléctricas das diferentes compañías e comercializadoras, o noso Grupo propón que o goberno revise os diferentes contratos que o noso Concello ten coas empresas do sector, e compare se a día de hoxe ditos contratos son os máis vantaxosos para as arcas municipais, xa que como se comenta, hai múltiples comercializadoras e por ende, tarifas.

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO o Pleno Municipal:***

Instar ao goberno a negociar e a contratar a tarifa eléctrica máis económica das diferentes comercializadoras.”

En plenos anteriores notificouse que si o Grupo do PP podía expor e traer unha redución de gastos que sería convinte para o Concello e para todos os veciños e aquí a nosa proposta e as miñas preguntas ao goberno actual: O Goberno é consciente das tarifas que está pagando actualmente o Kw/hora? Tivo algún estudo para reducir ese gasto de facturación no conxunto de todo o Concello de Salceda de Caselas? Sentáronse a tratar con algunhas comercializadoras para tratar a redución deste gasto?

Sr. Rodríguez Canosa: Primeiro desexarlle unha pronta recuperación á compañeira Verónica por estar convalecente dunha operación. En canto ao que nos atinxe a moción dicir que si que dende Movemento Salceda estamos de acordo en certas cousas da moción non ao dedillo, de feito non o ocultamos e ía no noso programa electoral a licitación de determinados servizos e de determinados subministros. É certo tamén que hai cuestións que se poden resolver en días, hai cuestións que se poden resolver en meses, e hai cuestións máis complexas que por desgracia hai que facer un estudo importante e un estudo serio, ademais creo que coincidimos todos que os prezos da enerxía están cambiando nos últimos anos, meses, fan que con máis motivo este estudo teña que facerse de bo xeito. Como ben dixen, non estamos de acordo en certas cousas polo que non podemos votar que si, aínda que no fondo estamos de acordo, como non, en atopar un prezo de enerxía máis barato para o Concello o que non podemos é votar a favor tal e como está redactada porque a enerxía eléctrica, que supón un gasto tan grande para o Concello que agora mesmo estamos entorno a 560.000€, non se pode negociar así como así, non te podes sentar cunha empresa e negociar senón que hai que licitalo e sabemos que para licitar hai que traer dispoñibilidade orzamentaria nesa partida en concreto ou nesas partidas en concreto, polo tanto non é algo tan sinxelo como sentarse con unha empresa e traer tres orzamentos e cambiar senón que algo máis complexo.

Respecto ás preguntas non teño ningún problema en contestarche, si me sentei, de feito foi unha das primeiras cousas se fixen cando asumín Facenda e Réxime interno, si me reunín con comercializadores e si me pasaron unha proposta global de todo o Concello e é certo que en moitos, na meirande parte dos contratos que tiña o Concello



era máis caro, era máis barata a situación actual do Concello que a nova situación con esta comercializadora en concreto, si que estamos na senda de traballar nestas cousas, de traballar sobre todo en licitacións de estos grandes subministrados e grandes servizos para topar un mellor prezo para o Concello para evidentemente reducir os gastos pero tamén temos que pensar que a liña ten que ir ao consumo, unha redución moi importante se vai facer no 2024 coa subvención do IDAE onde se aforrará o 60% do alumeado público que é o gran gasto eléctrico do Concello e polo tanto si que vamos na senda do aforro e si que seguiremos na senda de traballar por unha licitación da enerxía eléctrica.

Sra. Ledo Souto: Desde el PSOE si estamos de acuerdo con la moción y todo lo que suponga ahorro con los mismos servicios nos parece perfecto.

Sr. Guerra García: Eu véxolle á moción do PP unha boa intención só que as cousas as veces non son tan simples como poida parecer, tal como esta redactada a proposta eu preguntolle ao PP, si mañá atopa unha empresa domiciliada en Madrid que lle ofrezca ao Concello o prezo máis barato do Kw mudamos de empresa ou apostamos por unha empresa da comarca que a parte de estar presente sabemos que ten o emprego aquí e paga os impostos aquí?, quero dicir, ou redactan a moción doutro xeito en canto á proposta que fan cara ao goberno local ou senón a nós non poderíamos aprobalo polas dúbidas que nos traería situacións como esta. Sabemos que é moi fácil que unha empresa grande, dentro do sector eléctrico hainas e grandes, poida competir un céntimo, dous, a cuestión é, é todo o valor ese que lle podemos dar a unha contratación ou hai outros elementos que deben entrar en xogo neste eido?

Nós en principio non imos a apoiala ao non ser que se reforme un pouco a proposta que se fai cara ao goberno local.

Sra. Rocha Núñez: Referente as declaración de Álex, non todo evidentemente é sinxelo pero tampouco é complexo negociar coas comercializadoras, facelas sentar, facer un estudio do comercio actual, das tarifas creo que non é difícil xa que o propio estudio o fan as propias comercializadoras nós entregandolle a documentación necesaria, neste caso facturas, temos un número de contadores bastante elevado no noso Concello, creo que a facilidade que vos dan as comercializadoras son o traballo deles neste caso non sería ningunha persoa membro do Concello quen realmente estudie. Temos que valorar, Tano, non sei si tiveses a posibilidade de acceder ás facturas do Concello nós fixémoslo por rexistro, eu persoalmente con membros do noso partido fixemos un estudio actualmente. Ti manifestas que si ven unha empresa de Madrid e nos cobra un céntimo menos, neste caso non é así, é tan simple que solo fixen un estudio das facturas do mes de setembro e nas facturas do mes de setembro xa ten un consumo en termo de enerxía bastante elevado que se incrementa en outubro, novembro, decembro e xaneiro, despois xa ben un pouco o pico de redución, estamos a falar dun incremento importante, agora mesmo as nosas facturas estamos pagando unha media de potencia, porque non é tarifa plana, agora mesmo o Concello ten tres pero unha delas, que ten a máxima representación, actualmente está pagando por ter, os de punta a 0,16 kw/hora, na llana a 0,2057Kw/hora e na punta 0,2692Kw/hora, estudio de mercado actualmente pódese reducir nunha tarifa plana que pode oscilar entre os



0,13 céntimos ou 0,15 ou 0,18 xa estamos a falar que no termo de enerxía da hora punta pasamos de 0,26 ao 0,18, pódolle polo alto, non estamos a falar dun céntimo nin de dous. O meu estudio simplemente con todos os contadores que hai este mes, setembro, o consumo total foi de 27.824,15€ facendo unha proposta da redución o 0,13 e o 0,15 que é o custe no que están agora as novas comercializadoras sería de 21.788,09€ isto supón unha redución no mes de setembro de 6.036€ para o Concello. Isto é unha media, non é progresivo pero a media si a multiplicamos por un ano sería de 72.000€ de aforro. Aoque me limito eu, é así a miña proposta da moción, é que por favor se tomen esas medidas de aforro e empezamos por isto, e o que todos pedimos para este Concello a liquidar a débedas, creo que é un motivo moi importante para sentarse na maior brevidade posible, de complexo non o vexo nada pois as propias comercializadoras para que isto se faga.

Sr. Rodríguez Canosa: Alégrome que Tano coincida un pouco no fondo eu o gardaba para a miña segunda intervención e se me adiantou, agora mesmo o Concello de Salceda de Caselas ten contratado coas empresas das propias distribuidoras e creo que é importante e un peso a ter en conta colaborar e participar coa contorna. Unha comercializadora, a máis importante como ben se sabe, é a Electra Alto Miño, é unha empresa da comarca que da traballo a moita xente que seguro que aquí todos coñecemos a xente que traballa nesa empresa e penso que é tamén algo importante, ou a SETA Tui que está na zona de Soutelo, ou NATURGY a antiga Fenosa na zona de Budiño. Tamén é certo que nunha licitación se poden incluír estas cousas non só hai que ir a aspectos económicos senón que tamén se poden incluír aspectos de proximidade, de huella de carbono, etc... Respecto ao estudio que traes aquí está ben feito, ao final é buscar as ofertas que hai en internet incluso podes ir a páxinas como OCU que xa che da comparadores de ofertas ou á FEMP, pero a realidade non é tan sinxela, a realidade é que por unha banda hai moitas comercializadores que solo traballan con particulares, outras traballan con particulares e con empresas e outras traballan con particulares, con empresas e tamén con administracións públicas, pero non moitas de esas traballan con administracións públicas, de feito cando se fixo o estudio falouse cunha consultora que é de Soutelo, esa empresa de todas as comercializadoras que traballan con esa consultora solo unha traballaba con administracións públicas polo tanto non é simplemente coller a oferta máis barata e coller as facturas do Concello. Despois hai unha cousa moi importante que é a lei de Contratos, o PP sempre nos insiste que debemos cumprir coa Lei de contratos, e a Lei de contratos claramente di que este é un procedemento que hai que licitar por importe que non se pode contratar negociando de esta forma. Repito no fondo estamos de acordo pero as cousas non son tan sinxelas de facer.

Sr. Ledo Souto: Yo digo lo mismo, yo entiendo que negociar y contratar la tarifa más económica con una licitación, entiendo que no lo vaya a negociar el concejal de turno, entiendo que será con una licitación y como decía Álex que en los pliegos se puede buscar la forma de que no sea todo el céntimo, el precio en su caso, sabemos que las licitaciones tiran el precio más bajo es dar un mal servicio, entonces a través de una licitación y con poniendo las cláusulas que haya que poner.

Sr. Guerra García: Dixen ao principio que parecéndome ben a intencionalidade da



proposta, era tal vez coa redacción co que non coincidía, hoxe todos sabemos que renegociar coas empresas fornecedoras de servizos, prezos, non é nada difícil, a cuestión é onde se poñen os límites a efectos de que ao final non teñamos aquí unha empresa, que por falo un céntimo como dous, cando iso non compensaría en absoluto determinadas situacións si é unha empresa que non ten nada que ver co territorio e que por encima non paga impostos aquí. En todo caso aproveitaría para dicirlle ao Goberno local que procure, dentro da medida, de revisar esa situación, porque é factible revisar prezos sen necesidade de nada máis, tal como está hoxe a situación, agora centrar o tema exclusivamente no aspecto económico nos parece que pode ser perigoso.

Sra. Rocha Núñez: Insisto, Tano, comentabas que por aforrar un céntimos si dependendo da empresa íaa facerse cargo ou no da revisión das instalacións, etc... sabemos perfectamente que vaise facer cargo, é dicir, non vexo cal é o problema de que haxa calquera tipo de avaría e esas empresas comercializadoras vanse desentender, non é o caso. Non comparto contigo Álex, cando defendedes que agora debemos darlle prioridade ás empresas da contorna cando, insistimos que o gasoleo se debe comprar na gasoliñeira propia de Salceda e nos desprazamos a Porriño, é dicir, prefiro darlle de comer a un de Salceda que a un de Porriño, pois aquí é exactamente igual, é dicir cando falemos en xeral falemos de todo.

Sra. Alcaldesa: A comparativa non é demasiado axustada, non debes saber o que é o territorio comarcal que abarca un pouquiño máis de Salceda, creo que te equivocas un pouco en termos territoriais e descoñeces por completo cal é o motivo polo cal a gasoliñeira non segue a traballar co Concello. Díxeno no anterior pleno, si queredes que volvamos a recordar aquí un expediente disciplinario aberto a un traballador por non pagar a esa gasoliñeira, volvemos a retomar ese tema, sabedes que eu son de mirar para adiante pero non vou aturar este tipo de comentarios populistas sistematicamente.

Creo que no fondo estamos de acordo coas matizacións que todos aportamos e que á hora de instar ao Goberno a negociar e contratar falta a parte de licitar que para min é a fundamental, porque si en algo debe estar acotado é no proceso de licitación e nos pregos, tanto as características que mencionaba Álex, como as que mencionaba Gela, como as que mencionaba Tano, a min si me importa o territorio e si me importa traballar con empresas locais nas que poidas levantar o teléfono que che poidan solucionar un problema unha noite de tormenta como fai un ano, para min iso é sumamente importante, a proximidade e sobre todo, que teña empregados do noso Concello como é o caso de Electra Alto Miño e como é o caso de SETA. Si estades dispostos a mudar iso entendo que os compañeiros poderían aceptar esta moción, no noso caso si, non sei no caso de Gela e Tano, pero dende logo instar ao Goberno a negociar e a contratar e algo demasiado sinxelo que non ten contido, para nós fáltalle ao de licitar. Aceptades a emenda de “Instar ao goberno a negociar, licitar e contratar a tarifa eléctrica máis económica das diferentes comercializadoras”



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta emendada, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao goberno a negociar, licitar e a contratar a tarifa eléctrica máis económica das diferentes comercializadoras.

Moción do Grupo Municipal do PP en defensa da Constitución española.

Favorable

Tipo de votación: A favor: 6, En contra: 6, Abstencións: 0, Ausentes:0

Sr. Rodríguez Davila: Traemos a este pleno, despois do que se está vivindo no noso país de España e logo que unha vez o Congreso aceptase o inicio da tramitación da Lei de Amnistía o no Grupo presenta a seguinte moción:

“MOCIÓN EN DEFENSA DA CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA, A IGUALDADE DOS ESPAÑOIS E O RESPECTO AO ESTADO DE DEREITO E A DEMOCRACIA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

España é unha democracia forte, plural e con principios, asentada na Constitución española de 1978, nada do diálogo e o consenso de todos os españois (galegas/as e salcedenses) que referendaron co seu voto ese gran pacto nacional. Unha Constitución que puxo fin a décadas de falla de liberdade e axudou a pechar as feridas do pasado. A Carta Magna, cimentada sobre a unidade de España e dos españois, permitiu abrírnos a un novo destino colectivo cos valores constitucionais por bandeira: a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo.

O pasado 9 de novembro os españois tivemos coñecemento do ataque máis grave ao Estado de Dereito na nasa democracia, un acordo do PSOE cos independentistas cataláns para investir ao candidato Sánchez como presidente do Goberno. Un acordo que profana a Constitución que fomos capaces de construír entre todos en 1978.

Uns acordos que os españois merecían coñecer de boca do presidente en funcións e que, con todo, tivemos coñecemento deles porque os independentistas estánlo contando e, fixérono, o mesmo día do aniversario da consulta ilegal sobre a autodeterminación que levou a cabo en Cataluña o 9 de novembro de 2014. Unha humillación que están a ver como o presidente do Goberno de España está a se render ante os desexos dos independentistas, non dando a cara e desdecíndose do que prometeu en campaña electoral e do que sempre defendeu o PSOE.

Sabe que está a vender España. Sabe que quebra a igualdade dos españois ante a lei



e por conseguinte, os salcedenses. Sabe que o acordo nega que España sexa un Estado de Dereito. Sabe que dinamita os cimentos da separación de poderes. Sabe que debilitará o Estado das Autonomías.

Sánchez deu carta branca aos independentistas para romper España. Vendeu a España outorgando unha amnistía que anulará xurídica e politicamente a actuación do propio Estado en defensa dos dereitos e liberdades de todos ante o intento de quebra da convivencia máis grave desde 1981, como foi o 1-Outubro de 2017, desautorizando a actuación dos xuíces e tribunais, das forzas e corpos de seguridade do Estado, e, mesmo, a do mesmo PSOE que votou o art. 155 da Constitución.

O pacto outorga carta branca á celebración dun referendo de autodeterminación, que non ten cabida no noso sistema constitucional, como reiteradamente manifestou o Tribunal Constitucional.

Por todo o exposto, elevamos á Corporación do Concello de Salceda de Caselas os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: *Manifestar a nosa firme adhesión á Constitución española de 1978 da que emana o Estatuto de Autonomía de Galicia, ao ser o pacto que nos demos todos froito do acordo e do entendemento e non da imposición; integra sen excluír; non divide, senón que une aos españois ao redor dun proxecto común. A Constitución segue hoxe plenamente vivente e é a que mantén viva a unidade de España, a monarquía parlamentaria, a separación dos poderes executivo, lexislativo e xudicial e proclama a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo no noso país.*

SEGUNDO: *Manifestar que España é unha democracia forte, plural e con principios e que dispón dos resortes para poder contrarrestar a aqueles que queren debilitala.*

TERCEIRO: *Sumámonos á denuncia de todas as asociacións de xuíces, dos xuíces decanos, dos presidentes das Audiencias Provinciais e do propio Consello Xeral do Poder Xudicial que censuraron o risco de quebra da separación de poderes que se desprende do acorde cos nacionalistas e independentistas. Opoñémonos á referencia ao lawfare ou xudicialización da política e ás súas consecuencias porque vén negar que España sexa un Estado de Dereito.*

CUARTO: *Expresar o noso firme rexeitamento á concesión de privilexios económicos ou fiscais a calquera Comunidade Autónoma, e deprimendo das demais, xa que rompe a igualdade e solidariedade entre todos os territorios de España.*

QUINTO: *Manifestar a nosa repulsa a calquera Lei de Amnistía por ir en contra do principio de igualdade de todos ante a Lei, así como a nosa repulsa ante a celebración de calquera referendo de autodeterminación de calquera territorio de España. Ambas as dúas accións son contrarias á Constitución."*



A priori parece que nos queda lonxe, que con nós non vai, pero o certo é que o que estamos a vivir é algo inaudito, algo impensable e algo que vai máis alá do que moitos pensaban que podería chegar o presidente actual, non o dicimos nós, pero cando tomamos posesión como Concelleiros prometemos ou xuramos cumprir a Constitución e a nós non é que nos guste traer este tipo de mocións pero o certo é que dada a situación actual non nos queda outra que traer a este pleno para que os diferente membros desta Corporación se manifesten ao respecto. O feito de cumprir e facer cumprir a Constitución é o que nos permite estar hoxe aquí, e o que nos permite estar falando na lingua na que cada un queira e sobre todo e o máis importante, o que é a igualdade que todos merecemos e que todos temos dereito a ela e con isto non se está a cumprir a igualdade, o vimos nos últimos días, o vimos nas últimas horas e nos vimos nos últimos meses. É triste e lamentable que dende o goberno se ataque á propia Constitución e non se defenda e que se permita o ataque a xuíces, fiscais e demais e sobre todo que non se acate e non se faga cumprir o que din os Tribunais, porque a amnistía, recordo, non é que perdoe, é que borra os delitos e todo o que aconteceu en España dende aquel ano que recolle a propia amnistía ata este ano 2023, e iso é o que non se pode permitir nun estado de dereito onde actuou en base ás leis que están en vigor, en base ao ordenamento xurídico que aplican os tribunais, porque si se aplica a amnistía estamos desautorizando aos tribunais e á separación de poderes, polo tanto non queda o Estado lexitimado para esixir aos demais cidadáns que acaten as leis, que as cumpran e que polo tanto se deban ao ordenamento constitucional e o cumprimento integro da leis.

Sr. Rodríguez Canosa: Non sei moi ben como tomarme esta moción, é certo en un primer momento pensei en pasar un pouco dela entre comiñas pero penso que non é un tema do Concello, ao final o que está nestes parrafos de opinión, ao final son opinión, non pode quedar calado un e si que un par de puntualizacións penso que temos que facer. Primeiro vou lembrarche as túas palabras neste salón de plenos o 29 de abril de 2021 naquel día Movemento Salceda traía unha moción para instar a reposición do acueduto de Caldelas sobre o Río Caselas e ti o que decías era “en canto a moción si realmente isto é unha prioridade para o Goberno de Salceda traer unha moción para reclamar algo, que neste caso en concreto afecta a unha parroquia de Salvaterra de Miño e a unha parroquia do Concello de Tui mo explican”, afectaba ao Río Caselas, afectaba ao valor patrimonial galego, etnográfico e para ti non era importante pero si é importante traer un moción defendendo a Constitución Española, vexo que é unha prioridade nestas últimas semanas ver que partido é máis constitucionalista o PP ou VOX. Curiosamente o PP hoxe non está de acordo coa Lei de Amnistía, chamémoslle Lei de Amnistía de Sánchez, pero en cambio si que estaban de acordo coa Lei de Amnistía de 1977 cando se perdoaron crimes de guerra e perdoouse e amnistiouuse a persoas que asasinaron durante o franquismo, persoas como Billy el Niño creo que coñecidos por todos e que era a cara visible da brigada político-social franquista e do aparato opresor dos últimos anos da dictadura, que morreu no ano 2020 sin ser xulgado e mantendo as medallas outorgadas do franquismo. Falan nesta moción tamén do ataque máis grave ao estado de dereito da nosa democracia, un acordo do PSOE cos independentistas cataláns, isto xa é a coña máis absoluta porque entendo que refírese ao ataque á constitución dende que non



goberna o PP. Trouxen dúas fotografías, a primeira o Presidente Mariano Rajoy xunto a Pere Estevez, era Conseller de Esquerda Republicana de Cataluña e xunto a Joan Puigcercós Sub-Secretario de Esquerda Republicana de Cataluña, de fondo na fotografía unha estelada, bandeira independentista de Cataluña, esta foto foi no ano 1997; outra foto un ano antes, José María Aznar xunto a Jordi Pujol, esta foto facíase na Moncloa mentres pechaban o famoso pacto de majestic, supoño que lembrará o pacto do majestic ala por 1996 permitiu a Aznar obter a investidura de ese ano xa que non tiña maioría absoluta, conseguiu a investidura grazas aos votos dos independentistas cataláns e tamén xunto ao de coalición Canaria e xunto os independentistas Vascos do PNV, independentistas vascos e independentistas cataláns apoiando a investidura de Aznar, menudo escándalo se montou naquel momento.

Fala tamén vostede de igualdade entre todas as Comunidades Autónomas, igualdade que se logrou, entendo, grazas a este famoso pacto do majestic, naquel pacto de majestic, Cataluña logrou a maiores da súa financiación 400.000 millóns pesetas daquelas, 2.400 millóns de euros de financiamento nesa lexislatura, na lexislatura 1996-2000, ademais deste financiamento logrou moitas outras cousas como por exemplo as competencias en tráfico, en portos ou nas políticas de desemprego. Curiosamente tamén nun dos primeiros consellos de ministros desa lexislatura 1996, o Goberno de Aznar asinaba uns indultos, indultos a 15 persoas da organización Terra Lliure, como recordara Terra Lliure era unha organización sentenciada por terrorismo e anos máis tarde tamén no ano 2000 o Goberno de Aznar, indultaba nun só día a 1443 persoas condenadas xudicialmente, como vostede di, quitándolle a razón aos xuíces, entre eles condenados polo caso SOGECABLE ou polo caso FILESA. Igual o problema do PP non é este senón que está no tipo de amnistía que se aprobe, penso que o PP prefere a amnistía fiscal que aprobou Rajoy en 2012 onde se perdoaron miles de millóns de euros en impostos a grandes fortunas como destaparon os papeis de Panamá, entre os que se atopaban banqueiros, empresarios, Rodrigo Rato, ou algún narcotraficante. Señores e señoras do PP de Salceda e en xeral, deixen de dar pataletas e acepten dunha vez o resultado das eleccións, o resultado das eleccións de Salceda, o de Madrid, e ollo que non teñan que aceptar tamén o resultados das eleccións do 18 de febreiro vindeiro, acepten o resultado, acepten as regras do xogo da monarquía parlamentaria que tanto defenden e acepten e apliquen, de verdade, a Constitución, porque curiosamente o único artigo que menciona a moción da Constitución que tanto defende o PP é o 155e Rmato xa citándolle catro artigos que penso que son máis importantes que o 155, o artigo 44 onde se garante o dereito a vivenda digna e o PP vota en contra da lei de vivenda, o artigo 35 onde se fala de dereito de todas as persoas a ter un traballo suficientemente remunerado pero logo o PP vota en contra de subir o salario mínimo interprofesional, o artigo 31 onde di que os impostos deben ser progresivos o que máis ten máis paga e logo se opoñen aos impostos á banca ou as grandes enerxéticas, o artigo 122 onde se fala e se di que o Consejo General do Poder Judicial se debe renovar cada cinco anos e logo o propio PP bloquea a súa renovación durante outros cinco anos cando perde as eleccións. Aamnistía é unha solución política a un conflito político, por certo, un conflito orixinado polo feito de organizar un referendo, polo feito de votar, quero lembrarlle que votar é democracia.

Sra. Ledo Souto: Álex dijo mucho de lo que estamos totalmente de acuerdo, el PSOE



por supuesto está radicalmente en contra de todo lo que se dice en la exposición de motivos, la Constitución Española está para cumplirla no para jurarla ni darse palmaditas con ella en el pecho y el principio de igualdad, por suerte, en nuestro país, España, se cumple tanto para las personas como para los territorios eso está más que garantizado. Todo lo que sirva para mejorar la convivencia creemos que es positivo, yo pienso que es positivo, porque no podemos enfrentarnos a todo, lo único que está haciendo el PP es enfrentarse a todo lo que sea Sánchez, porque ni al PSOE siquiera. Vi ayer en los medios de comunicación que ya no le llaman presidente, ahora presidente es Feijoo, el PP desde hace un tiempo para aquí ya solo se dirige al Presidente del Gobierno, elegido por todos los Españoles y por el Congreso como marca la Constitución, se dirigen a el como Sánchez, el Presidente es Feijóo, eso ya dice mucho del PP, el respeto a las instituciones, el respecto a los habitantes, lo olvidaron por completo, aquí como Feijóo no dio llegado a la Moncloa vamos a atacar por todos los lados. Esto ya pasó con los indultos también, cuando se propusieron los indultos se iba a romper España, nos íbamos a matar todos unos a otros, el discurso del PP fue el mismo, a día de hoy nadie se acuerda de los indultos y menos el PP porque le salió mal el enfrentamiento que hizo con los indultos. Tolerancia y dialogo y Constitución para todos y que el ataque más grande a lo Constitución Española fue con el golpe de Estado del 23 F, eso está clarísimo y que hablar es gratuito pero decir la verdad es otra cosa.

Sr. Guerra García: Lamento que o PP traía hoxe aquí esta parte de crispación na que está metido, todo precisamente por non aceptar o que dí a súa Constitución, e digo a súa porque nós a acatamos a Constitución por imperativo legal non é a nosa, e precisamente a Constitución Española actual o que establece é as maiorías como se conforman iso é o que o PP non da aceptado porque creo que tiña tan a man o goberno do Estado e se lles esfumou e entón tráennos aquí esta parte da súa compañía. Creo en todo caso que cando menos o PP hoxe si gañou coherencia porque no ano 1978 cando se aprobou a Constitución Española o PP, a Alianza Popular da que derivan, foi o único grupo das Cortes Españolas que escachou en tres a súa votación, houbo quen votou a favor, houbo quen votou en contra e houbo quen se abstivo, dos 16 parlamentarios que tiña Alianza Popular, cando menos hoxe gardan coherencia parece que andan todos á mesma. O PP embarcouse nunha campaña en defensa desta Constitución cando nos seus actos políticos rinse do seu contido e das súas obrigas como actor político en cada momento, non temos máis que ver o bloquea a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial, para acto seguido falar de defensa dos xuíces, será daqueles que lle son próximos porque os que ditan sentencias contradictorias aos seus intereses pónennos a caldo, poño dous exemplos, onte ou ante onte o Sr. Monago, Presidente que foi de Extremadura, o que soltou sobre o “lawfare” e a sentenza da “Gurtel” ou so fai falta ver o PP na Xunta de Galicia como fala do Tribunal Superior de Xustiza canda vez que lle cae unha sentenza botándolle abaixo un proxecto eólico. Só este feito, o bloqueo do Poder Xudicial, é gravísimo por uns espurios dun poder do Estado, porque o poder xudicial é un poder do Estado, para usalo por ariete político do propio PP, xa o desvirtúa vostede como defensores desta Constitución, volvo a dicir, a súa que non é a nosa. No seu escrito falan vostedes de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo con honores de esta Constitución, eu moitas



delas permítanme que as poña en dúbida, pero é que acto seguido vostedes descargan toda a carraxe que poden sobre os que falan cos independentistas, cos nacionalistas ou aqueles aos que a vostedes non lle caen ben, ese é o exemplo que da o PP, como entende a liberdade, a igualdade e o pluralismo, de como entende a xustiza xa o dixen antes. Arróganse os lexítimos e únicos representantes desta sociedade cando din “para dicir que no pleno exercicio da política dos que falan con calquera representación política elixida pola cidadanía en calquera lugar do territorio do Estado é unha humillación”, eu non me sinto humillado e si lle preguntamos a moitísima xente non se sente humillada por nada disto pero o PP fala de que se humilla a España debe ser a súa España e ademais esquece, nesa afirmación, que vostedes representan un número de votos que son bastante inferiores aos que si entendemos a política como un exercicio da liberdade á hora de falar ou pactar con quen creemos necesario ou conveniente. Cando falan de vender España, si por España se entende a todos os homes e mulleres que vivimos dentro destas fronteiras político-administrativas hai anos que vostedes, o PP, xa venderon cando regalaron todo, coas súas políticas especulativas para beneficios dos poderosos e a costa sempre da maioría social. Amin non se me esquece que o Sr. Mariano Rajoy cando gañou as eleccións a final do 2011 o primeiro que fixo no 2012 foi subirnos os impostos descaradamente a todos, iso non o dixera na campaña. No ano 2017 o PP derivou aos xuíces o traballo político que o propio PP foi incapaz de facer, a amnistía que se propón non é máis que unha corrección para devolver á política o que nunca debeu saír dela, a lexítimas aspiracións nacionais dos pobos, comezando polo dereito irrenunciábel a autodeterminación nin son materia xudicial nin se poden reprimir en nome da liberdade, palabra esta tan soada polos que tanto lles gusta limitar aos seus.

Sr. Rodríguez Davila: No discurso queda moi ben todo señores portavoces pero o certo e verdade é que para todo iso que vostedes manifestan esquécese dunha cousa que aquí non se está a cumprir, que é cumprir a lei. Claro que houbo pactos con partidos cataláns no seu momento, claro que houbo diálogos con partidos independentistas, nos respectamos e entendemos aos partidos independentistas nas súas aspiracións de separación pero o que non aceptamos é que se incumpra a Lei que é o que está pasando agora mesmo, saltándose a torera os principios de separación de poderes. Non é o mesmo indultos que amnistía, indultos houbos sempre con todos os gobernos pero amnistías a prófugos, a golpistas e a condenados non, que son cousas ben diferentes e por tanto, todo o que cada grupo político quera facer na súa lexítima vontade de acadar os anhelos políticos o poden facer a través das lexislación e das leis en cada momento e polo tanto dentro da Constitución que nos ampara a todos e nos obriga a todos é onde hai que facelo e non pola porta de atrás ou retorcendo. Decía a Sra. Angela o tema das institucións, nunca antes pasou o que está pasando en España respecto o asalto as institucións colocando a ex-ministros e a ex-altos cargos do PSOE no Consello de Estado, na Fiscalía Xeral do Poder Xudicial, no Tribunal Constitucional con ex-ministros, nunca antes, non o dicimos nós o din todas as asociacións dos xuíces e maxistrados nese manifesto contundente contra o que está a perpetuar o goberno de España e polo tanto nunca antes, despois como ben dicías do pretendido golpe de estado do 23F, o que se está a vivir agora é o segundo ataque máis grave da democracia sen paliativos dende que temos esta Constitución. Unha cousa é acordar gobernos dentro do marco legal e outra cousa é comprar gobernos a cambio de sete



votos de persoas que foron condenadas, o seu Grupo político, por incumprimento e golpe de Estado. Unha cousa é pretender negociar e acordar certas cuestións para certos territorios e outra cousa é iso a cambio de retirarlo e negarlllo a outros territorios. Para nós, que se humille o PSOE ou o señor Sánchez pero non os Galegos nin os Salcedenses no noso nome. O que dicía que traería a Puigdemont ante a xustiza agora reúnen con el no estranxeiro. A hemeroteca é contundente e indignante e bochornoso e impropio dun Presidente do Goberno o que está a facer para acadar o poder e permanecer nel, o maior monumento, a mentira e o non cumprimento da palabra o elixe todos os días o señor Presidente do Goberno, como vamos a esixir aos cidadáns que cumbran a lei, que paguen os seus impostos ou que respecten as autoridades si dende o propio Goberno se promove todo o contrario para aos golpistas que seguen a ser españois. Como é posible que un goberno dependa dun prófugo da xustiza que está no estranxeiro? Como é posible que membros do Goberno se reúnan no estranxeiros con fugados da xustiza? Iso non pasa en ningún país occidental democrático só pasa tristemente no noso país e non é un acordo pola convivencia non, é un acordo de conveniencia porque sabemos todos que si non houberese ese sometemento por parte do PSOE ante as exixencias destes señores non sería Presidente do Goberno. Non se pode amnistiar a quen incumpre e a quen cometeu delitos graves de incumprimento da lexislación vixente e non é mesmo negociar e acordar respectando a Constitución que negociar e acordar con aqueles que incumpren sistematicamente e que reiteran que a seguirán incumprindo, polo tanto o noso manifesto é claro, o noso posicionamento ante a igualdade de todos os españois e polo tanto ante todos os salcedenses é claro e contundente, non estamos de acordo e non a amnistía.

Sr. Rodríguez Canosa: É curioso porque cando o PP o fai é legal e cando o fan os outros é ilegal. Falas da redistribución, de darlle máis a Comunidades Autónomas para darlle a outras, díxencho antes o pacto do majestic, se lle da 2.400 millóns de euros máis a Cataluña, evidentemente llos quitas ao resto, non hai máis que dicir e remato, simplemente cando dis que para o PP hai que cumprir a Lei, solo unha noticia “La Audiencia Nacional condena por terceira vez al PP por beneficiarse del dinero de la corrupción de Gurtel” a famosa condena que se fala do PP como unha organización criminal.

Sra. Ledo Souto: El PP que parece adivino porque ya sabe que esto es inconstitucional, que la ley está aprobada y ya no cumple con nada porque va a estar en contra sea como sea. Una cosa es que gane el PP y otra cosa es que gane el POSE, porque lo único que el PP está haciendo es ir en contra porque no consiguió ganar las elecciones, es clarísimo, lo que si os pediría a vosotros es que respetéis la Constitución, lo primero respetar la Constitución porque non se puede decir que es un gobierno ilegítimo y lo decís, y decís que la ley es inconstitucional, la Ley no está aprobada estamos diciendo lo mismo que los de Madrid, engañando, discurso fácil, no se que se busca desde el PP de Salceda con esta moción, aunque hay unas próximas elecciones igual algún número o algo, el PSOE va a estar radicalmente en contra.

Sr. Guerra García: A todos nos extraña ver a certeza que ten o PP a hora de avaliar calquera actuación gubernamental si é ou no constitucional, a verdade e que visto o



que hai case optaría por facer unha moción e estendela de que sobra o Tribunal Constitucional porque xa está o PP para entender o que é a Constitución, o que está dentro e o que non está dentro. En todo caso, é unha pena que cando foi a amnistía de Montoro, que non foi precisamente unha amnistía para petos pequenos seguro que nesa amnistía non cabíamos ningún dos que estamos presentes, que o PP non tivera esa agudeza visual de que esa lei de amnistía económica ía ser declara inconstitucional, é un pena porque o erario público houbera saído beneficiado con uns cuantos miles de millóns de euros, en todo caso sego lamentando que o PP hoxe traía a este Pleno esta moción porque non forma máis que parte do xogo de crispación no que está metido.

Sr. Rodríguez Davila: O Grupo Popular trae a este pleno para que os salcedenses teñan claro o posicionamento de cada concelleiro e polo tanto de cada Grupo político respecto de cada situación da pretendida amnistía que está a levar a cabo o Goberno de España respecto dos golpistas, separatistas e prófugos da xustiza, aqueles que outorgaron sete votos para que o Sr. Sánchez sexa presidente a cambio dunha amnistía impropia dun país democrático, comprar un goberno a cambio de indulto, a cambio de amnistía, cambio de borrar o sucedido e a cambio de aquí non pasou nada e borrón e conta nova. O Presidente do Goberno quere indignidade e olvido e estou convencido que a maioría dos salcedenses quere dignidade e memoria, iso non é progresismo nin é concordia, é indignidade e por iso ante o que manifestei no día de hoxe e polo que queremos someter esta moción a este pleno e que cada un se retrate si está a favor da amnistía a prófugos, a golpistas que non son independentistas, aos que incumpriron e se saltaron a torera a lei convocando un referendun ilegal, proclamando por un tempo limitado a independencia de Cataluña do Estado, etc... si están de acordo con iso ou si pola contra están a favor de seguir defendendo a igualdade, a lei e o orde, a Constitución e o respecto ante a lei. Creo que merece a pena, a veces, posicionarse publicamente ante o que consideramos o maior ataque despois do 23 F, a democracia é o máis importante, a separación de poderes oxalá non nos arrepiñamos do que estamos a vivir dentro de unhas décadas.

1º VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de retirar o punto da orde do día, da como resultado o EMPATE por SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE (1) e BNG (1), e SEIS VOTOS A FAVOR dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP.

2º VOTACIÓN: Realizada unha segunda votación da proposta de retirar o punto da orde do día, esta RESULTA REXEITADA por SEIS VOTOS en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE (1) e BNG (1), e SEIS A FAVOR votos dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PP, dirimindo o empate o voto en contra da Alcaldesa.

Moción do Grupo Mixto-BNG de apoio ao pobo Palestino e de exigencia do fin do xenocidio a mans do goberno israelí	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0



Sr. Guerra García: Traemos a este pleno a moción seguinte:

“Nas últimas semanas estamos a vivir unha nova escalada nun vello conflito. Palestina sofre, desde hai 75 anos, unha brutal ocupación baixo un sistema de apartheid, en que Israel incumpriu reiteradamente as resolucións da ONU. Durante estas décadas, Israel, non só impediu a existencia dun Estado palestino, senón que ocupou os seus territorios (aproximadamente o 70% do territorio palestino desde o 1948) a medio de asentamentos de colonos (declarados ilegais polo Consello de Seguridade da ONU); someteu a súa poboación a todo tipo de vexacións e maltratos; asasinou líderes políticos palestinos; encarcerou a milleiros de persoas de xeito extraxudicial; levantou un muro da vergoña; lanzou ataques con milleiros de vítimas mortais e impuxo un brutal bloqueo a Gaza.

A comunidade internacional, sen excepcións, debe condenar enérxica e categoricamente o ataque masivo que o Estado de Israel ordenou contra Gaza e o xenocidio que se está perpetrando contra o pobo palestino. Os bombardeos masivos, os cortes de subministracións básicos como a luz, a auga potábel ou alimentos e medicamentos, son elementos dunha política de asedio xenocida que agravan a xa de por si durísima situación provocada polo bloqueo de Gaza desde o ano 2007. Máis de dous millóns de persoas que xa vivían confinadas en 365 km² (unha extensión mesmo inferior á do concello de Vilalba) nunhas condicións económicas e sociais deplorábeis, agora fano nunhas condicións infrahumanas. Até este momento, segundo Nacións Unidas, van máis de 18.000 civís asasinados, dato en que se inclúe a arrepianete cifra de máis de 7.000 crianzas mortas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- *Exixir o embargo de armas e a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.*
- *Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.*
- *Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.*
- *Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.*
- *Exixir ao Goberno español é a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos.”*

Sr. Guerra García: creo que non precisamos maior explicación, creemos que as imaxes que se nos mostran de como vive neste momento a poboación palestina dentro de Gaza e Cisjordania o dramático ataque de Israel, ante onte quen leu o Faro podía ver unha fotografía dun fotografo da Axencia Reuters onde un palestino con pedras se enfrontaba a unha máquina de destrución, é un fiel reflexo do que alí está acontecendo, non so agora, agora parece que xa que a máquina de matar xa non ten



ollos senón que levan 75 anos con esta situación. Gaza ten a extensión que ten con dous millóns de persoas, Gaza da ao mar e non pode pescar, Gaza non pode producir, Gaza cada vez é máis pequena porque Israel avanza na colonización dos territorios palestino. Ou somos minimamente humanitarios para dicir isto ten que pararse ou o demais é defender os intereses de quen ten a ese peón nesa rexión do mundo para contrarrestar outro tipo de influencias como é o mundo árabe, non cabe outra interpretación do que alí está pasando cando se está sometendo a unha poboación ao dramatismo que se está sometendo a poboación de Gaza e Cisjordania.

Sr. Rodríguez Davila: Si mal non recuerdo fai anos se trouxera do tamén unha moción ao respecto de esta situación e nós vamos a tomar o mesmo posicionamento, loxicamente condenando o que está sufrindo a poboación en Gaza e estando de acordo en que a resolución é a creación de dous estados recoñecidos por todos, Estado de Palestina e o existente Estado de Israel, digamos que tamén é certo que tamén houbo ataques a poboación Israelí por parte dun grupo terrorista e aquí ao final loxicamente a resolución definitiva, como acabo de dicir, é o recoñecemento mutuo de dous estados, non por elo o 100% é culpable dunha soa banda ou viceversa, entendemos a situación dramática que están a vivir pero tamén entendemos a situación dramática que viviu a poboación de Israel atacada por ese terrorista Hamas e polo tanto nós vamos a abstermos xa cremos que a diplomacia e o acordo entre os estados membros teñen que dar solución a unha grave situación que como ben dicías leva décadas e décadas en esa situación e que un Estado ten dereito lexítimo a súa defensa e loxicamente iso non lle permite nin lle da autorización para a masacre do pobo adversario e por elo, dende o noso grupo a nivel de Concello de Salceda de Caselas, nos vamos a abster porque loxicamente non podemos apoiar unha banda nin a outra banda e o que si podemos apoiar e a condena unánime dos dous bando e os problemas que hai que resolver dende o diálogo e a diplomacia e a política non hai que resolvelos a balazos nin a cañonazos.

Sr. Rodríguez Canosa: Dende o Grupo de Movemento Salceda si que apoiamos incluso nos sumamos a esta moción presentada polo Grupo Mixto, penso que a situación actual dende os últimos 75 anos de Palestina, debería, isto é algo que penso eu persoalmente, caer a cara de vergoña a todo o mundo que nos chamamos occidentais, o que leva sufrido Palestina nestes 75 anos que incluso mal chamado conflito penso que todos somos coñecedores pero moitos non o queremos ver porque si hai unha clave neste conflito é a impiedade do Estado de Israel. Israel solo cumpriu o 0,5% das resolucións internacionais en materia de dereitos humanos que se lle presentaron, comezando pola Resolución 181 da ONU de 1947 pola que se crean o Estado Palestino e o Estado de Israel e rematando pola última Resolución de alto o fogo da ONU vetada polo socio de Israel, EEUU, incluso logo da petición do seu Secretario Xeral, Antonio Guterres. Dende Movemento Salceda rexeitamos e condenamos calquera acto terrorista e calquera crime de guerra e calquera ataque a civís, pero penso que nós debemos facer unha reflexión e ademais no caso de Israel é unha triste paradoxa, porque por un lado o Estado de Israel existe gracias a una resolución de ONU, unha resolución que lle concede o dereito de existir, foi o primeiro estado moderno en crearse desta forma pero en cambio por outro lado o Estado de Israel non deixa de vulnerar sistematicamente todas e cada unha das resolucións desa mesma



organización que lle deu a vida, que lle recoñeceu a lexitimidade, esta é a gran paradoxa do Estado de Israel e do conflito. Dende o ano 2007 Gaza está gobernada de facto por Hamas, Hamas que é efectivamente unha organización terrorista segundo múltiples países e organizacións internacionais incluído a Unión Europea, pero penso que cabería preguntarse por tanto, si a comunidade internacional co seu letargo e pasividade é responsable de que unha organización terrorista sexa un dos principais, por non dicir principal, actor na defensa do pobo palestino, máis aínda si temos en conta que Hamas tampouco ten especial reparo en utilizar aos propios palestinos como escudo humano. Para rematar, por desgracia o Estado de Palestina non está recoñecido e de feito penso que en Europa moi poucos países o recoñecen, só Bulgaria, Chipre e Eslovaquia, Hungría, Malta, Polonia, República Checa e Romanía recoñecen o Estado Palestino e aí si que teño que dicir que Pedro Sánchez fixo un gran avance e espero que o leve ata o final recoñecendo pedindo a Unión Europea que recoñeza o Estado Palestino.

Sra. Ledo Souto: Desde el PSOE vamos a apoyar esta moción, destacar en el punto uno entendemos que ahora mismo y después de estos seis meses de presidencia de la Unión Europea, el PSOE se acercó más a defender Gaza, son conflictos de carácter internacional que tienen tantas aristas que son complicadas, pero entendemos que el Presidente de España va a reconocer a Palestina como Estado y entendemos que la mayor parte de los españoles es lo que quieren. En cuanto al segundo punto, investigación sobre crímenes de guerra, las últimas noticias son que el fiscal de la Corte Nacional ya reconoció que están investigando tanto a Israel como a Hamas cosa que es un avance non se hizo en estos 75 años de masacre absoluta, que lo de Hamas es terrible pero Hamas es una organización terrorista no es Israel que es un Estado, desde luego desde nuestro punto de vista hay que diferenciarlo porque está muy mal lo que hizo, y lo condenamos sin ninguna duda, pero los hechos los hizo una organización terrorista pero lo que está pasando en Gaza lo está haciendo un gobierno y nos parece mucho más grave que un gobierno llegue al extremo que está llegando. Totalmente a favor y esperando que se busque una solución, de reconocer los dos estados y que alguien le ponga freno a Israel que tampoco lo tengo muy claro.

Sr. Guerra García: Cando se fala de terrorismo sempre son cauto porque o que para un son terroristas para outros non o son, só lembrar que a organización para a liberación de Palestin, a primeira organizació admitida como representante no seu conxunto do Pobo Palestino, foi tildada durante moitos anos de organización terrorista, como outras, ese termo de organización terroristas entre ou sae da lista dependendo de a quen lle interese, o Grupo de Hamas foi un grupo patrocinado no seu momento por Israel e tiña unha intencionalidade política que era debilitar a propia OLP nas últimas eleccións que alí se celebraron, non se volveron a celebrar máis elección porque o Estado de Israel o impide., Hamas gaña as eleccións na franxa de Gaza e en contraposición coa outra parte de Palestina, Cisjordania, onde seguía operando como forza maioritaria a OLP, Israel estivo en todo momento patrocinando a Hamas cund intereses, efectivamente ben intencionado, que era debilitar á propia OLP. A min si me preguntan si nun pobo que leva 75 anos, vai camiño das catro xeracións, onde non ter porvir ningún, a vida só depende si non control leva un tiro ou non, porque levan matados nenos e nenas, cando van para dentro das cárceres e pasan alí tempo e



tempo e non hai quen abra unha causa porque non hai causas que abrir, ou sexa o sionismo é incompatible coa democracia e o sionismo é o que impera neste momento en Israel. Volvo a dicir o que hoxe é terrorista maña deixa de selo dependendo dos intereses de como se xoga no relato da política internacional uns países ou outros, non vamos defender ningún tipo de atrocidade nin moito menos pero incluso abramos os ollos ao relato de como Israel é quen nos conta todo o que alí pasou e xa saben cousas que non foron como alí pasaron. A cuestión de fondo un Estado non pode actuar de ese xeito, un Estado que ademais está defendido, apoiado pola primeira potencia do mundo no aspecto militar e está acabando cun pobo impunemente iso é a realidade do que hoxe pasa en Gaza e está empezando a pasar en Cisjordania.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta RESULTA APROBADA por SEIS VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PSdeG-PSOE(1) e BNG (1) e SEIS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal PP (6), adoptándose os seguintes acordos:

- Exixir o embargo de armas e a ruptura das relacións diplomáticas con Israel por parte do Goberno do Estado español e da Unión Europea.
- Exixir á Corte Penal Internacional que xulgue o presidente Netanyahu e o resto do goberno da entidade sionista polo exterminio planificado do pobo palestino.
- Exixir a apertura de corredores humanitarios e o cese do fogo permanente en Gaza e Cisjordania, así como dos ataques a Siria e ao Líbano.
- Exixir ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza o envío urxente de material humanitario a Gaza.
- Exixir ao Goberno español e a todos os países da UE o recoñecemento de Palestina como Estado e de todos os seus dereitos.”

Moción do Grupo Mixto-BNG sobre conmemoración dos 1100 anos de historia de Salceda recoñecemento á raíña galega Dona Aragonta (URXENCIA)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

VOTACIÓN: Sometida a votación a urxencia da moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, pasando polo tanto a tratar dita moción.

Sr. Guerra Garcia: O BNG nesta Corporación Municipal de Salceda propuxo incluír na orde do día a seguinte moción:

“Conmemoración de 1100 anos de historia de Salceda e recoñecemento á Raíña galega Dona Aragonta por este feito histórico



O BNG nesta Corporación Municipal de Salceda de Caselas e na súa representación Salustiano Guerra García, concelleiro, ao abeiro do disposto tanto no Artigo 34, punto 8, do Regulamento Orgánico Municipal (en adiante ROM) como no Artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF), no exercicio do seu cargo de Portavoz do BNG,

Propón incluír na Orde do día da sesión o seguinte asunto: ***“Conmemoración de 1100 anos de historia de Salceda e recoñecemento á Raiña galega Dona Aragonta por este feito histórico.”***

O BNG na súa proposta electoral, entre outras, salientaba o feito de promover que a cidadanía se identifique co seu territorio onde reside e sinta orgullo de vivir en Salceda; nunha localidade á vangarda das transformacións sociais; con garantía de benestar, no presente e no futuro.

Así, observar o pasado e ter en conta o Patrimonio histórico propio de Salceda vén a asentar ese obxectivo; especialmente nas últimas décadas nun Municipio con grande crecemento poboacional, froito da incorporación veciñas e veciños procedente doutras localidades.

En correspondencia co exposto e atendendo á información obtida en investigacións sobre a historia de Salceda, facilitada a este Grupo Municipal do BNG polo investigador Xosé Manuel Suárez Estévez; que en síntese sinala:

Neste ano 2023 fanse 1100 anos de historia de Salceda; tal efeméride ten a súa orixe no feito histórico da ruptura matrimonial da Raiña galega Dona Aragonta, producida no ano 923; e, a consecuencia da mesma, o seu retiro no Mosteiro Santa María de Saliceta, fundado pola propia Raiña nas propiedades que posuía neste territorio salcedense.

Casara co Rei galego Don Ordoño II, no ano 922, do que foi a segunda muller, pois quedara viúvo no 921; quen trala ruptura voltou casar con Sancha de Navarra; unión que tampouco durou pois o rei Ordoño falece no seguinte ano 924.

Dona Aragonta González era filla dos Condes do Deza Gonzalo Betote e Tareixa Eiriz, fundadores do mosteiro de Carboeiro; así mesmo, sobriña de Ilduara Eiriz, fundadora do mosteiro de Celanova; e polo tanto prima de San Rosendo de Celanova; e tamén cuñada de Mumadona Díaz, fundadora do mosteiro de Guimarães, capital histórica de Portugal, quen estaba casada co seu irmán Hermenegildo González.

É evidente que Dona Aragonta e a súa familia formaban parte da reÁlexa galega, no máis alto nivel da nobleza da época. Aínda que a súa unión con Rei Ordoño foi curta, a súa vida transitou ao longo do século X, máis de cincuenta



anos mantendo o seu título de raíña e como muller empoderada até a súa morte; segundo ás crónicas, próxima no tempo á do seu primo Rosendo de Celanova, quen falece no ano 977.

É de salientar que Dona Aragonta vive nunha época convulsa; no século X; momento no que as confrontacións militares do Reino de Galiza contra a Hispania musulmana son constantes. A este escenario xuntase o perigo procedente do mar, no que os homes do norte, os normandos identificados cos viquingos, ameazan tamén o reino coas súas incursións anuais; nas que a cidade de Tui e a súa comarca foron obxecto de varios ataques, ao remontaren cos seus barcos polo río Miño; concretamente neste século existen as referencias históricas ás dos ano 930 e 970, que obrigaron aos bispos e a poboación a abandonar a cidade.

Nese escenario, as mulleres da nobreza quedan ao fronte da xestión dos bens e facendas; de aí o seu protagonismo como fundadoras de mosteiros e aseguradoras dos bens dos que están fora formando parte dos exércitos. Hai que ter presente que a existencia dun mosteiro e os señoríos asociados aos mesmos daban pé a que a poboación da época, en procura de certa seguridade, se acollera baixo encomendas á protección que lles facilitan os que dispuñan do poder que o Rei lles outorgaba, mediante condados ou outras figuras de xestión do territorio.

Nese contexto histórico a Raíña Aragonta foi artífice de que Salceda entrara, hai xa 1100 anos, na historia; e co paso dos séculos a *Terra de Salceda* fose, no bispado de Tui, unha entidade con carácter propio e protagonismo de seu.

O BNG considera considera que **a Corporación Municipal en representación da veciñanza salcedense ten a obriga de realizar unha mención a esta efeméride.**

Polo exposto formula, para a aprobación do Pleno do Concello a seguinte PROPOSICIÓN

O Pleno do Concello de Salceda de Caselas, a proposta do Grupo Municipal do BNG, Acorda:

Conmemorar os 1100 anos de historia de Salceda e o recoñecemento á Raíña galega Dona Aragonta por este feito histórico, que ten a súa orixe na súa decisión de fundar o Mosteiro de Santa María de Saliceta; e a tal efecto deixar constancia da efeméride na Acta da Sesión.

Sr. Guerra García: A historia normalmente tende a identificar o territorio e por ende as súas xentes, falamos das terras de Salceda seguramente un termo bastante máis amplo do que hoxe termo municipal, pero que os home e mulleres que vivimos aquí coñezamos tamén a nosa historia o que nos fai é recoñecer que somos partícipes de



esa historia e que ocupamos un territorio que é non naceu onte e que ten moitos motivos para dicir que temos 1100 anos para celebrar.

Sr. Rodríguez Davila: Loxicamente aquí non hai debate, todos estamos de acordo en celebrar, ou penso que estaremos de acordo, en celebrar o feito histórico do que aconteceu nestas terras, como ben se dixo, pisamos e vivimos nelas a día de hoxe, como comprenderedes escoitar Aragonta para min é satisfactorio, dicir como dato que fai dous anos, é o último dato que teño, a única Aragonta que existe no Estado Español vive en Salceda de Caselas non hai outra salvo que nos dous últimos anos naceu ou se lle puxesen a outra muller o nome de Aragonta. O noso Grupo vai a apoiar e aprobar esta conmemoración para que así quede reflexado na acta de este pleno e que oxalá a historia do noso Concello dea nomes importantes que queden no noso pobo e en Galicia e de España, o noso voto a favor de recordar e celebrar esta efeméride, este recordatorio daqueles anos do século X da nosa historia.

Sra. González Luis: Penso que este ano xa se conmemorou á Raiña Aragonta que é o recoñecemento dela está na nosa Vila presente no día a día co parque que leva o seu nome ou co propio CRA, que tamén se chama así, e que maneira máis bonita de conmemorar estes 1100 anos que a peza musical que encargou o Concello á autora e compositora Carmen Rodríguez, que interpretou a Banda Cultural de Salceda o 25 N un día especialmente importante para as mulleres e que leva o propio nome da Raiña Aragonta, unha peza musical que forma parte do noso patrimonio cultural, creo que todas as aportacións tanto da nosa Alcaldesa como das persoas da Directiva da Banda Cultural e eu como Concelleira de Igualdade e tamén a compositora tivemos a en darlle este nome de Raiña Aragonta a peza, creo que é unha boa forma de conmemorar e de recoñecer, polo demais estamos a favor de todo o que aquí se recolle.

Sra. Ledo Souto: Por parte del PSOE nuestro voto también va a ser a favor pues entendemos que recordar esta figura es tener presente nuestra historia, la historia de toda Salceda.

Sra. Alcaldesa: Pois si estamos todos de acordo en que figura na acta deste pleno esta conmemoración, sumar os puntos que dixo Selene, o parque Raiña Aragonta ademais do Colexio Rural Agrupado que leva o mesmo nome da Raiña Aragonta e esa fermosa peza musical que interpretou a banda o 25 N e que xa é patrimonio inmaterial do noso Concello que leva o nome de Raiña Aragonta e ademais do nome da filla de Santi, dous paneis informativos que figuran no propio parque Raiña Aragonta e na igrexa de Santa María. Témolos presente, creo que é unha figura que a temos que ter presente e creo que así o vimos facendo, un recoñecemento máis o de que apareza esta conmemoración na acta nesta sesión plenaria.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

Conmemorar os 1100 anos de historia de Salceda e o recoñecemento á Raiña galega



Dona Aragonta por este feito histórico, que ten a súa orixe na súa decisión de fundar o Mosteiro de Santa María de Saliceta; e a tal efecto deixar constancia da efeméride na Acta da Sesión.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2023-1272 de 23 de outubro ata o núm. 2023-1506 de 15 de decembro

Queda dada conta dos decretos dende o número 2023-1272 de 23 de outubro ata o núm. 2023-1506 de 15 de decembro.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila: O Goberno municipal o pasado mandato decidiu pechar aos fins de semana, os domingos, ao tráfico a parte final do entronque da rúa Compostela na rúa Joaquín Fernández Sestelo, todos podemos ver coma fin de semana si e fin de semana tamén hai sempre vehículos aparcados en dito tramo, circulando en sentido contrario para poder chegar ata ditos aparcamentos, por un lado non se fai cumprir dita prohibición dende a Alcaldía como xefa da Policía Local, por certo, Policía Local sen servizo os domingos dende hai moitos anos. Por outro lado, a hora de peche en ocasións adiántese ás doce horas do domingo e ás 23 horas do sábado, pechando así unha hora antes do que vostedes estableceron. Asemade as queixas ao respecto de dito peche son cada vez máis numerosas ao entender que non é preciso, que non ten sentido ter máis en tempo de outono, de choiva ou inverno. Dende o Grupo Popular estamos de acordo en pechar cando así sexa preciso por festas, por eventos ou por outras necesidades que o xustifiquen pero non pechala domingo si e domingo tamén, por elo ROGAMOS e instamos ao Goberno Municipal a apertura da rúa Joaquín Fernández Sestelo no seu treito final aos fins de semana e pechándoa cando sexa preciso.

Ese é un rogo que dende o goberno deberían valorar porque o certo e verdade é que o que está sucedendo non ten ningunha lóxica, ningún sentido, non é o mesmo días de choiva de inverno que días de verán cando os nenos están máis na praza ou andan máis polas rúas e polo tanto creo que é de sentido común revisar e analizar esa situación.

2º ROGO: Instar ao Goberno Municipal ao encargo dun proxecto de urbanización de todo o entorno e ámbito do IES Pedras Rubias traendo o mesmo ao Pleno municipal para o seu debate e aprobación. Esta é unha situación que despois da mellora que se está facendo alí, seguro que é mellorable e seguro que terá que haber máis no futuro por parte da Xunta de Galicia con esa inversión de 3.500.000 €, creo que é de xustiza que dende o Concello se faga un proxecto de urbanización de todo o seu entorno dada a súa situación actual con escasas beirarrúas, iluminación insuficiente, sinalización máis que deficiente e a circulación,



aparcamentos, etc... Polo tanto instamos ao Goberno que o próximo ano encargue un proxecto de urbanización de todo o entorno e tamén que teña en conta o sentido de circulación e todo o que ten que ver coa estrada municipal que une o IES coa PO-411 ao seu paso polo lugar das Nais xa que alí moitas veces nos atopamos vehículos de fronte, creo que hai que darlle unha volta.

3º ROGO: Reparación do muro e asfaltado do camiño da Graña en Picoña, a día de hoxe hai un camiño que leva moitos anos asfaltado, é estreito e creo que é necesario repoñer o muro que está caendo cada vez máis, practicamente non pasa ningún vehículo e polo que rogamus ao goberno a que se repare ese muro e se asfalte de novo ese camiño da Graña en Picoña.

4º ROGO: A creación dunha praza de aparcamento para os vehículos das persoas con mobilidade reducida e para urxencias médicas ao carón da nova farmacia da Gándara. No ano 2019 este grupo trouxo a este pleno a proposta de creación destas prazas ao lado das farmacias que existían naquel momento no noso Concello, nos felicitamos que o goberno atendese esa petición, a día de hoxe hai esas prazas nas diferentes farmacias onde podemos parar tanto as persoas con problemas de mobilidade como as que vamos con urxencia a coller calquera tipo de medicamentos ou produtos que se alí se venden, e non existe na farmacia da Gándara polo tanto solicitamos que se cree esa praza de aparcamento.

Sr. Núñez Troncoso: Xa no pleno de agosto pedimos que se actualizaran as ordenanzas que están na páxina web do Concello incluso hai ordenanza se sufriron diversas modificación e máis ben habería de refundilas e por un pouco en orde, pois quen queira visualizar unha ordenanza non está moi ben axeitado. Así coma o Inventario de Bens Municipais incluso nos anos, na cartografía non están recollidas as alegacións que no seu día se presentaron a esa aprobación inicial nin se están incorporando os novos camiños, xa se levan incorporados un cuantos e a día de hoxe segue sen estar visible na páxina web do Concello, polo que rogamus que se executen estas modificacións canto antes.

Sr. Fernández Pérez:

1º ROGO: na estrada que vai na saída PO-510 en dirección campo de fútbol Penedo Redondo ao lado da marquesiña de Fontán, no seu día se fixo un tipo de sifón cuns aros de formigón para recoller as augas que veñen pola marxe dereita da estrada, ese sifón ten a función de depositar no fondo terra, área que arrastra esa auga, a día de hoxe ese sifón está cheo de terra e agora mesmo a auga cruza a estrada deixando terra polo medio da mesma en días de choiva. Se roga que se limpe para así non ter que problemas na súa circulación en ambos sentidos.

2º ROGO: Nesta estrada a poucos metros en concreto diante da casa número 51 e 52 temos no asfalto uns buratos bastantes considerables na marxe dereita por iso se roga que se tomen as medidas necesarias para o seu arranxo xa que é unha carretera moi transitada dirección campo de fútbol Penedo Redondo.



PREGUNTAS

Sr. Rodríguez Davila: Queremos saber como está a investigación ou si se concluiu o que aconteceu coa vertedura que presuntamente partiu da piscina municipal cara ao Río Landres e produciu a morte de centos e ducias de peixes no pasado verán, xa o falamos no pleno de agosto e queriamos saber si hai algunha conclusión ao respecto.

Sra. Alcaldesa: Se non lembro mal no pleno de agosto acabamos concluíndo que fora un erro humano, creo que tampouco hai moito máis que dicir, a persoa asumirá as consecuencias e pouco máis.

Sr. Rodríguez Canosa: Na terceira fase das piscinas municipais vaise a cambiar o desaugadoiro directo que ten a piscina actualmente para evitar que por un erro humano produza unha vertedura, isto vaise mandar directamente ao saneamento.

Sr. Rodríguez Davila: Está feito a día de hoxe o proxecto de saneamento para o barrio da Presa para así darlle solución ao vertidos dos chalés?

Sra. Alcaldesa: Non só está feito, está redactado, aprobado e incluso con financiación, falta licitalo, hoxe tivemos unha reunión co Consorcio e co equipo técnico e creemos que unha parte dos saneamentos serán executados no 2024 si todo vai ben.

Sr. Rodríguez Davila: Produciuse fai tempo a corta de madeira na propiedade municipal no Pinar do Rei na Revolta, e queriamos saber si o goberno ten coñecemento del e senón é importante que o goberno protexa as propiedades que son de todos nós e que si algún veciño de forma involuntaria ou voluntaria se apropiou deses recursos públicos é obriga do goberno investigar e intentar pescudar o que sucedeu coa tala e uso ou a venda.

Sra. Alcaldesa: Agradecemos a comunicación dende logo non tiña noticia, non sei si por parte das asociacións da parroquia a tiñan, acabamos de ter a nova, investigaremos nos vindeiros días e actuaremos.

Sr. Rodríguez Davila: Que se está facendo ao respecto da situación do asfalto da rúa Joaquín Fernández Sestelo e que previsión hai de arranxalo?, si o vai a executar a empresa con cargo á garantía da obra ou si o goberno lle vai dar outro tipo de solucións, si solo se vai parchear o que está deteriorado ou si se vai fresar todo o que sexa necesario para facer un asfaltado en debida forma e que non sexa un parche que logo dentro de un tempo volva a situación actual.

Sra. Alcaldesa: A execución desa obra é responsabilidade da empresa que realizou a humanización da rúa Joaquín Fernández Sestelo, como ben dis ese asfaltado está dando problemas, hai diante da panadería un burato importante supoño que sería por non aplicar o grosor establecido no proxecto do asfaltado, estase tramitando informe técnico para abrir expediente e coa aval que deposita a empresa ou ben facer a reparación ou ben que o emende a empresa.

Sr. Núñez Troncoso: En relación a unha factura que entrou en rexistro, a factura no



concepto pon “vai cristo” por un total de 5.500€ factura emitida por unha asociación, a asociación tal como se describe organizou o evento e o Concello pagou, porqué o Concello non organiza directamente dito evento? Iso vai a implicar que calquera asociación poida organizar un evento e pasarlle a factura ao Concello?.

Sr. Rodríguez Canosa: Esa organización de ese evento leva bastantes anos, nos meus catro anos que estiven de Concelleiro de Cultura fíxeno así, este tamén o fixen así e mentres a organización sexa a correcta será así, non é excluín-te nin incluín-te.

Sr. Núñez Troncoso: Non é excluín-te, ou sexa calquera asociación pode organizar un evento e pasarlle a factura ao Concello.

Sr. Fernández Pérez: Saíu na prensa fai unhas semanas que o Concello se reunira unha empresa de seguridade, como está a situación en canto a seguridade no campo de fútbol no Penedo Redondo?

Sra. Alcaldesa: Efectivamente, saíu na prensa e tamén nas redes sociais do Concello que estabamos realizando un estudo daqueles puntos máis conflictivos onde había danos de vandalismo ou como se producían, como no caso do Penedo Redondo, concentracións de coches. Estano avaliando, tamén se consultou na Mesa de Seguridade realizada a semana pasada cos corpos de seguridade do Estado a posibilidade instalar estas cámaras e tamén a tramitación que non é tan sinxela como parece, non é chegar e colocar unha cámaras senón ter unha xustificación, pensamos no punto do pavillón, nesta rúa no lateral do Concello da Rúa Pontevedra e no Penedo Redondo coma os puntos de máis necesidade actual, está en estudo cando teñamos conclusión, agora xa sabemos despois de falar coa Subdelegada do Goberno cal é a tramitación e comezaremos a tramitación para a súa instalación.

Sra. Rocha Núñez: O pasado mes de novembro meteuse por rexistro por parte do PP a deficiencia que notamos e que publicastes nas redes sociais, a ponte de Picado en Entenza que actualmente a tedes pechada, que nos informedes ao respecto, as dúbidas dos veciños son canto tempo vai durar e quen vai a executar esa obra?

Sra. Alcaldesa: Podo dicirche que medidas se adoptaron e en que punto estamos. A ponte está danada na súa base polas choivas, polas enchentas, moveuse a estrutura de soporte dun dos arcos da ponte, evidentemente non temos persoal técnico que avalíe e que cuantifique cal é o dano e cal pode ser o arranxo da ponte, pedíuselle colaboración á Deputación de Pontevedra estimaron que eles non eran competentes e que os seus servizos técnicos non podían realizar ese informe, si non pode a Deputación imaxínate o servizo técnico do noso Concello que necesita persoal especializado. Pedíuselle axuda á Confederación e dixeron inicialmente que non era competencia súa, as pontes son continuade de estradas municipal polo tanto é competencia municipal, tanto o Concello de Salvaterra como o de Salceda en permanente diálogo decidimos pechar a ponte por seguridade eles pola parte de Arantey e eles pola parte de Entenza, esperando a que o compromiso que adquirimos, Marcos o Concelleiro de Axenda ecolóxica e eu na reunión mantida co Presidente da Confederación, Antonio Quiroga, de que eles a pesares de que non sexa da súa competencia vaian a mandar o equipo técnico profesional a que avalíen e despois fagan unha memoria e partires de aí un orzamento, e a partires de aí se vexa a



contía, se licite e todo o proceso administrativa que conleva, sinceramente gustaríame dicirlle unha data aos veciños de Entenza pero é que non a teño nin eu nin a ten ninguén.

Sra. Ledo Souto: Quería volver a preguntar si se está buscando solución al problema que tienen con las líneas telefónicas del Concello, si aún no se dio conseguido la solución.

Sr. Rodríguez Canosa: Si xa deu coa solución, non era tan sinxela como se previu ao comezo pero esperamos que proximamente estea resolto.

Sr. Guerra García: No pleno ordinario de agosto o BNG presentou unha proposta de modificación do ROM aquí, o conxunto da Corporación acordou que se retirase para abrir expediente e que todos os grupos puidesen participar no debate de esas modificacións. Nunha comisión previa ao pleno ordinario de outubro por parte da Alcaldía se dixo que estaba pendente de informe de secretaría, a día de hoxe sabemos que non está pedido o informe a secretaría, cando pensa traer esa modificación a este Pleno? Ou cando pensa abrir expediente para que poidamos falar de modificacións do ROM? Un ROM, quen en todo caso lembrar que o anterior era para un determinado tempo que era 2019-2023 ou sexa que si nos atemos a súa propia letra neste momento non hai Regulamento Orgánico Municipal teríamos que rexernos polo ROF.

Sra. Alcaldesa: Esa proposta virá a pleno cando o expediente estea completo, levamos varias reunións coa Comisión Heráldica de Galicia na que despois facerlle plantexamentos que se presentaron nesta sesión plenaria como por exemplo o uso do escudo, quero recordar que o escudo é pre-constitucional polo tanto non cumpre a Lei e necesita actualización, estamos traballando en elo despois do asesoramento da Comisión, nunha memoria que diga a revisión dese escudo e aproveitando tamén a creación dunha bandeira, polo tanto cando teñamos esa memoria preparada preparemos o informe completo e traerese esa proposta para aprobación plenaria e seguir os tramites pertinentes que a Comisión Heráldica nos dixo que tiñamos que seguir.

Sr. Guerra García: Por parte da Alcaldía creemos que se recibiu no mes de novembro un convite dos Estudos Agrarios Mártires de Sobredo para que se trasladase ao conxunto da Corporación ese convite aos actos de Sobredo e que queremos saber porqué non se trasladou cando menos aos portavoces dos grupos para facelos extensible a todos os membros desta Corporación.

Sra. Alcaldesa: Non teño eu noticia de recibir ese convite e trasladarillo, é máis, creo que lles levo trasladado todos os que chegan a min, o último o acto que houbo en Cabreira da Memoria Histórica, ademais creo que llo envíei a todos os Grupos e tiña o convite na miña mesa para que viñeran a recollelo, no teu caso Tano, no porque fuches o único que llo entregaron persoalmente, pero tanto ao PSOE coma ao PP llo trasladei e así o fago con cada un dos convites, si ben é certo que todos os colectivos sociais de xeito individual vos envían os convites, tamén é certo que a ti cho envían case sempre e non vas case nunca, pero neste caso non me chegou por iso non cho envíei.

Sr. Guerra García: No barrio da Formiga fronte ao número 9 hai un soporte que lle falta un espello, en abril do ano 2021 un veciño moi afectado por aquela saída presentou no



Concello unha solicitude para que se repuxese o espello, pasaron dous anos non se tramitou esa situación, eu á vista da noticia que me trasladaron falei co señor Rodríguez Canosa e se me dixo que reproduciramos a solicitude de repor ese espello, é unha saída bastante complicada, non so para a xente que vive alí senón tamén para os que por alí transitamos, se presentou no mes de outubro unha solicitude, non se fixo nada, volví a repetir esa situación hai dez días aproximadamente, queríamos saber que problema hai en repor un espello nun punto concreto cando é a terceira vez que se solicita.

Sr. Rodríguez Canosa: Aquel día que collíchesme no corredor non che dixen que o transcribas ti senón que o solicitante o metese e si que vin que volveu a entrar, o dos espellos non é algo que vaíamos nos alí, depende do informe policial e depende dos operarios, supoño que se despistarían, se traspapelaría ou o que foxe, si que xa falei tanto coa Policía coma cos operarios para que foran a ver o poste en condicións, si cumpre, si está válido, si está podre, si vale e que o coloquen, supoño que nos vindeiros días, semanas se colocará.

Sr. Guerra García: Queremos saber como está o proxecto de renovación do alumeadado público das parroquias, o famoso proxecto Led que en un principio parece que estaba aprobado con subvención europea.

Sra. Alcaldesa: Estamos agora mesmo coa redacción dos pregos e pendentes de informe.

Sr. Guerra García: Temos solicitado que Alcaldía autorizase o noso dereito a revisar as contas do Concello cando menos deste ano 2023, comunicouse formalmente que estaba dada as instrucións ao departamento de intervención, persoado no departamento de intervención primeiro se me di que non teñen ningunha comunicación de Alcaldía e segundo que para exercer o meu dereito a precariedade no que está o departamento de intervención tería que deixar de traballar ese día para que eu puidese analizar documentación. Doulle toda a razón ao persoal do departamento non é a nosa intención de impedir o normal desenvolvemento do traballo pero o Goberno Local ten que garantirnos o dereito que temos o acceso a documentación e preguntamos como pensa facelo, o máis simple buscar un lugar onde haxa un computador e onde calquera persoa desta Corporación coas claves necesarias poida acceder a información que desexe consultar. Como pensa solucionar este problema o Goberno Local?

Sra. Alcaldesa: Primeiro é o máis importante eu non teño comunicación algunha de que fixerades esa solicitude polo tanto dificilmente podería falar con intervención.

Rematado o pleno quero aproveitar, xa que estamos no nadal, para felicitarnos as festas a todos e todas, compañeiro e sobre todo a veciñanza de Salceda, máis que o bo Nadal, que tamén, desexo que teñades un 2024 cheo de obras, de boas noticias, de inversións, de moito saneamento e melloras para o noso pobo, seguro que fago extensiva a felicitación de todos e todas os meus compañeiros a veciñanza.

Sr. Rodríguez Davila: Como todos os anos dende este Grupo nos queremos sumar e felicitarnos as festas a todos os veciños, quero un recordo para as persoas que xa non están con nós que nos deixaron neste último ano, para as súas familias que seguro que son datas difíciles



e sobre todo desexar que o ano 2024 sempre sexa mellor que o ano de vamos a deixar en uns días e que aquilo que a título individual ou colectivamente anhela ou loita por elo sexa realizado neste ano 2024 polo tanto saúde, primeiro, concordia entre todos e que entre todos sumemos para seguir mellorando a vida dos novos veciños que é a quen nos debemos.

Sra. Ledo Souto: Sumarme también a la felicitación a todos los vecinos, a los que nos acompañan y a los que están en sus casas y al resto de miembros de la Corporación, desearle una felices fiestas y que el año que viene sexa más próspero.

Sr. Guerra García: Algo xenérico para todo o mundo, Boas festas e o ano que ben nunca peor, saúde para todos incluso para os adversarios políticos.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

